DEPUTACIÓN DA CORUÑA

BASES PARA A EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO

EXERCICIO 2009

ÍN D I C E

	CONCEPTO	PÁXINA	BASE
TÍTULO I	**NORMAS XERAIS**		
CAPÍTULO ÚNICO. -	Natureza das bases e ámbito de aplicación	3	1ª a 3ª
TÍTULO II	**O PRESUPOSTO XERAL PARA O 2009 E AS SÚAS MODIFICACIÓNS**		
CAPÍTULO 1º	Estrutura presupostaria	4	4ª
CAPÍTULO 2º	Os créditos e as previsións iniciais e a prórroga do presuposto	4	5ª a 8ª
CAPÍTULO 3º	Réxime xeral dos créditos e as súas modificacións	6	9ª a 16ª
TÍTULO III	**EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO XERAL**		
CAPÍTULO 1º	Normas xerais sobre execución e liquidación	13	17ª a 27ª
CAPÍTULO 2º	Normas reguladoras de determinados ingresos	23	28ª a 30ª
CAPÍTULO 3º	Función fiscalizadora	25	31ª e 32ª
CAPÍTULO 4º	Contabilidade	39	33ª a 35ª
CAPÍTULO 5º	Tesouraría provincial	40	36ª a 39ª
TÍTULO IV	**GASTOS DE PERSOAL**		
CAPÍTULO 1º	Normas xerais	42	40ª a 42ª
CAPÍTULO 2º	Normas sobre persoal funcionario	45	43ª
CAPÍTULO 3º	Normas sobre persoal laboral	46	44ª
CAPÍTULO 4º	Normas sobre persoal eventual, contratado e interino	47	45ª
CAPÍTULO 5º	Retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación	48	46ª
TÍTULO V	**SUBVENCIÓNS**		
CAPÍTULO ÚNICO	Normas xerais ás que deberán axustarse as bases específicas que regulen a convocatoria de subvencións e a súa tramitación	50	47ª a 60ª

BASES PARA A EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2009

TÍTULO I.- NORMAS XERAIS

CAPÍTULO ÚNICO. - NATUREZA DAS BASES E ÁMBITO DE APLICACIÓN

BASE 1ª. - NORMAS LEGAIS E REGULAMENTARIAS

A aprobación, execución e liquidación do Presuposto xeral, así como o desenvolvemento da xestión económica e a fiscalización desta, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral, que regulan a actividade económica das Corporacións locais, e polas presentes BASES DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO, redactadas en virtude do disposto no artigo 165.1.b) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e artigo 9.1 do Real decreto 500/1990 do 20 de abril.

BASE 2ª. - ÁMBITO DE APLICACIÓN

De conformidade co establecido no artigo 9.1 do Real decreto 500/1990 do 20 de abril, estas bases só estarán en vigor durante a vixencia do Presuposto xeral correspondente ao exercicio do ano 2009 e, no seu caso, durante a súa prórroga.

BASE 3ª. - INTERPRETACIÓN

As dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas bases serán resoltas pola Presidencia, logo do informe de Secretaría ou de Intervención, segundo proceda.

TÍTULO II.- O PRESUPOSTO XERAL PARA 2009 E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

CAPÍTULO 1º. - ESTRUTURA PRESUPOSTARIA

BASE 4ª. - ESTRUTURA PRESUPOSTARIA

Para a confección do Presuposto aplicáronse as estruturas funcional e económica aprobadas pola Orde do 20 de setembro de 1989 do Ministerio de Economía e Facenda, e a estrutura orgánica propia desta Corporación

Os créditos incluídos no Estado de Gastos do Presuposto preséntanse co seguinte detalle:

- Clasificación orgánica, con dous niveis de desagregación: sección presupostaria e servizo
- Clasificación funcional, con catro niveis de desagregación: grupo de función, función, subfunción e programa
- Clasificación económica, con catro niveis de desagregación: capítulo, artigo, concepto e subconcepto

A partida presupostaria, cuxa expresión cifrada constitúe o crédito presupostario, vén definida pola conxunción das tres clasificacións citadas.

O rexistro contable dos créditos, das súas modificacións e das operacións de execución do gasto, realizarase sobre a partida presupostaria antes definida.

As previsións incluídas no estado de ingresos do presuposto clasifícanse por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos, segundo se detalla na estrutura económica de ingresos da Orde ministerial antes citada.

CAPÍTULO 2º. - OS CRÉDITOS E AS PREVISIÓNS INICIAIS E A PRÓRROGA DO PRESUPOSTO

BASE 5ª. - DOCUMENTACIÓN PRESUPOSTARIA

O expediente formado para a tramitación do Presuposto Xeral da Deputación provincial conterá a seguinte documentación:

- Memoria da Presidencia
- Informe da Intervención Xeral
- Informe económico-financeiro
- Estado de ingresos e gastos
- Anexo de persoal
- Liquidación do presuposto do exercicio 2007 e avance da do exercicio 2008
- Anexo de investimentos
- Estado da débeda

BASE 6º. - CRÉDITOS E PREVISIÓNS INICIAIS

Para a execución dos programas integrados no ESTADO DE GASTOS do Presuposto xeral para o ano 2009 apróbanse créditos por importe de 201.406.100,00 euros, cuxo resumo por grupos de función é o seguinte:

Grupo de Función 0	Débeda pública	16.902.720,00
Grupo de Función 1	Servizos de carácter xeral	20.387.435,00
Grupo de Función 2	Protección civil e seguridade cidadá	6.282.413,00
Grupo de Función 3	Seguridade, protección e promoción social	24.046.410,00
Grupo de Función 4	Produción de bens públicos de carácter social	43.554.344,00
Grupo de Función 5	Produción de bens públicos de carácter económico	42.044.526,00
Grupo de Función 6	Regulación económica de carácter xeral	14.490.278,00
Grupo de Función 7	Regulación económica sectores produtivos	9.997.974,00
Grupo de Función 9	Transferencias a Administracións públicas	23.700.000,00

No ESTADO DE INGRESOS recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio presupostario e que coinciden no seu importe co ESTADO DE GASTOS, figurando ambos os dous estados nivelados, sen que poidan presentar déficit ao longo do exercicio.

BASE 7ª. - FINANCIAMENTO DOS CRÉDITOS DO PRESUPOSTO XERAL

Os créditos, que ascenden a 201.406.100,00 euros, financiaranse:

a) Cos dereitos económicos a liquidar durante o exercicio que se detalla no estado de ingresos correspondente e que se estiman en 49.143.631,00 euros. (Capítulos: I, II III, V, VI e VIII).

b) Co endebedamento resultante das operacións que se regulan no título 3º destas bases, que ascende a 7.900.000,00 euros. (Capítulo IX)

c) Polas transferencias correntes que se especifican no estado de ingresos do presuposto e que ascenden a 133.102.078,00 euros. (Capítulo IV)

d) Coas transferencias de capital que se recollen no estado de ingresos do presuposto, e que ascenden a 11.260.391,00 euros. (Capítulo VII)

BASE 8ª. - PRÓRROGA DO PRESUPOSTO XERAL

Se ao iniciar o exercicio económico do ano 2010, non entrase en vigor o Presuposto xeral correspondente ao citado exercicio, considerarase automaticamente prorrogado o do 2009 ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará aos créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias e outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente fosen a percibirse no devandito exercicio.

A determinación das correspondentes partidas do Presuposto xeral do 2009, que non son susceptibles de prórroga, por estar comprendida nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida mediante resolución motivada da Presidencia e logo de informe de interventor. Igualmente, poderanse acumular na correspondente resolución acordos sobre a incorporación de remanentes na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real decreto 500/1990.

Delégase na Presidencia a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do presuposto prorrogado ás previsións consideradas no proxecto de Presuposto xeral pendente de aprobación.

Mentres dure a vixencia da prórroga poderán aprobarse as modificacións presupostarias dispostas pola lei.

Aprobado o presuposto, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do presuposto prorrogado.

CAPÍTULO 3º. - RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

BASE 9ª. - NORMAS XERAIS

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal fosen autorizados no Presuposto xeral ou nas súas modificacións debidamente aprobadas.

Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, non poderán adquirirse compromisos de gastos en contía superior ao importe destes coa consecuencia da nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada limitación, todo iso de conformidade co disposto nos artigos 173.5 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e 25.2 do Decreto 500/1990 que a desenvolve.

O cumprimento das limitacións expresadas no parágrafo anterior deberá verificarse ao "nivel de vinculación xurídica" que se sinala na seguinte base.

Con cargo aos créditos do estado de gastos só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio presupostario. Non obstante, aplicaranse aos créditos do presuposto vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao Presuposto xeral.

b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto previsto no artigo 47.5 do Real decreto 500/1990 requiririase a previa incorporación dos créditos correspondentes.

c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 relativos a recoñecemento extraxudicial de créditos.

Cando a modificación afecte a partidas asociadas a proxectos de gasto con financiamento afectado deberá acreditarse que a alteración presupostaria é compatible cos termos do compromiso de financiamento adquiridos por terceiros con esta deputación, e coas disposicións legais ou regulamentarias que regulen a utilización do recurso afectado.

BASE 10ª. - NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS

Para o exercicio 2009, o nivel de vinculación xurídica dos créditos do Presuposto xeral será o seguinte:

a) Norma xeral:

- Clasificación orgánica: servizo (catro díxitos)
- Clasificación funcional: función (dous díxitos)
- Clasificación económica: artigo (dous díxitos)

b) Situarase ao mesmo nivel de desagregación económica con que aparezan no estado de gastos, a vinculación xurídica dos seguintes créditos:

- Gastos relativos a Plans e Programas de cooperación económica local.
- Os créditos declarados ampliables na base 12ª das presentes Bases de execución.
- As partidas que seguidamente se indican:
    - 0304/611E/225.00. Tributos locais. Taxa premio recadación recarga IAE
    - 0203/611Z/125.00 destinada a reclasificación de postos de traballo.
    - 0203/611Z/125.01 que recolle o crédito asignado a promoción interna.
    - 0203/313B/160.07 destinada a fondo social para prestacións de asistencia social

c) Normas particulares:

- No capítulo VI, investimentos reais, nos gastos relacionados cos investimentos novos (artigo 62) ou de reposición (artigo 63) asociadas ao funcionamento operativo dos servizos, a vinculación na clasificación económica será a nivel de capítulo (1 díxito).

    - Clasificación orgánica: servizo (catro díxitos)
    - Clasificación funcional: función (dous díxitos)
    - Clasificación económica: capítulo (un díxito)

- Os gastos de persoal que se recollen no capítulo I, "Acción social en favor do persoal funcionario e laboral e daqueles outros que se tramiten como proxectos de gastos" a vinculación na clasificación funcional será a nivel de programa:

    - Clasificación orgánica: servizo (catro díxitos)
    - Clasificación funcional: programa (catro díxitos)
    - Clasificación económica: artigo (dous díxitos)

-. Os gastos relativos á produtividade do persoal vincularán na clasificación económica a nivel de concepto:

- Clasificación orgánica: servizo (catro díxitos)
- Clasificación funcional: programa (catro díxitos)
- Clasificación económica: concepto (tres díxitos)

-. Os gastos dos proxectos de desenvolvemento turístico en Ferrol-Ortegal, e Portodemouros, como doutros que poidan crearse, a vinculación na clasificación económica será a nivel de subconcepto:

- Clasificación orgánica: servizo (catro díxitos)
- Clasificación funcional: programa (catro díxitos)
- Clasificación económica: subconcepto (cinco díxitos)

BASE 11ª. - CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se tramiten durante a vixencia do Presuposto xeral ateranse ás normas establecidas no artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, artigos 35 a 38 do Decreto 500/1990 do 20 de abril e ás consideradas nesta base.

Cando se deba realizar algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado no Presuposto da Corporación, o presidente ordenará a tramitación dos seguintes expedientes:

a) De concesión de crédito extraordinario
b) De suplemento de crédito.

Estes expedientes poderanse financiar:

- Con cargo ao remanente líquido de tesouraría
- Con novos ingresos non previstos.
- Con maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do presuposto.
- Con recursos procedentes de operacións de crédito para os gastos de investimentos.
- Mediante baixas dos créditos de partidas de gastos non comprometidos, sempre que se consideren reducibles sen perturbación do servizo.

Tramitación dos expedientes:

O expediente incoarase a instancias das unidades administrativas que teñan ao seu cargo a xestión dos créditos, por orde do presidente ou do deputado encargado da área correspondente.

Á proposta acompañarase unha memoria xustificativa da necesidade de efectuar os gastos, da imposibilidade de demorar a execución a ulteriores exercicios e da inexistencia ou insuficiencia de crédito no nivel no que estea establecida a vinculación xurídica.

- Informe da Intervención e ditame da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas.
- Aprobación inicial polo Pleno da Deputación provincial.
- Exposición pública do expediente por prazo de quince días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.
- Aprobación definitiva polo Pleno no suposto de presentárense reclamacións, noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerarase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
- Publicación do expediente, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.
- Simultaneamente ao envío do anuncio de publicación indicado no apartado anterior, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

BASE 12ª. - CRÉDITOS AMPLIABLES

Terán a natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados agás os procedentes de operacións de crédito, salvo os de Tesouraría, todo iso de conformidade co disposto no artigo 39.1 do Decreto 500/1990, do 20 de abril.

As partidas do Presuposto xeral de gastos que a continuación se relacionan teñen a consideración de ampliables:

APLICACION PRESUPOSTARIA	CRÉDITOS INICIAIS	DETALLE	RECURSOS AFECTADOS (Concepto de ingresos)	PREVISIÓN INICIAL
02.02/121B/226.02	525.000,00	Anuncios Oficiais	399.04	150.000,00
06.01/321A/481.01	298.350,00	T.C. para premios, Bolsas, Pens. Estudo e Investigación	380.01	100,00

Se durante o exercicio se producise a necesidade de declarar ampliables determinadas partidas presupostarias, iso efectuaríase mediante a modificación das presentes Bases de execución e en concreto, incluíndo na presente base décima as citadas partidas presupostarias co recurso afectado que corresponda.

Se a devandita inclusión se produce cos criterios anteriormente expostos, o procedemento para a tramitación e aprobación dos expedientes será o seguinte:

1º. - Os expedientes tramitaraos a unidade de Presupostos desta Deputación provincial por proposta das unidades que teñan ao seu cargo a xestión dos créditos ou sexan responsables dos correspondentes programas, e nestes especificaranse os medios ou recursos que financian o maior gasto, acreditándose, en todo caso, o recoñecemento en firme dos dereitos que financien o crédito que se pretenda ampliar e que os citados dereitos supoñan maiores recursos sobre os previstos nos respectivos conceptos presupostarios, puntos que deberán ser acreditados pola unidade de Contabilidade.

2º. - A aprobación dos expedientes de ampliación de créditos, logo de informe de Intervención, corresponderalle ao presidente da deputación.

BASE 13ª. - TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO

As transferencias de crédito de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

a) Non afectarán aos créditos ampliables nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.

b) Non poderán minorarse, mediante transferencia, os créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando a transferencia afecte integramente a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de presupostos pechados.

c) Non se incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, foran obxecto de minoración, salvo cando a transferencia afecte integramente a créditos de persoal.

As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiran aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.

Os expedientes de transferencias de crédito tramitaraas a unidade de Presupostos desta Deputación provincial, por proposta das unidades que teñan ao seu cargo a xestión dos créditos ou sexan responsables dos correspondentes programas, acreditando, en todo caso, mediante a oportuna memoria, a necesidade e inaprazabilidade dos gastos que se pretendan financiar así como a non perturbación do correspondente servizo como consecuencia das reducións propostas.

A aprobación dos expedientes de transferencia de créditos entre distintos grupos de función corresponderalle ao Pleno da Deputación provincial salvo cando afecte a créditos de persoal. Na tramitación destes expedientes serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación do Presuposto xeral, así como o réxime de recursos contencioso-administrativos contra os citados presupostos.

A aprobación dos demais expedientes de transferencias de crédito, corresponderalle ao presidente da deputación.

Non terán a consideración legal de transferencias as alteracións de crédito entre partidas presupostarias pertencentes a un mesmo nivel de vinculación xurídica.

BASE 14ª. - XERACIÓN DE CRÉDITOS

Poderán xerar crédito no estado de gastos do Presuposto xeral, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións:

a) Achegas ou compromisos firmes de achega de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa Deputación provincial, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins e obxectivos destes.

b) Alienacións de bens da Deputación provincial.

En ambos os dous supostos será requisito indispensable para que se xere o crédito, que se dea o acto formal do compromiso firme de achega ou do recoñecemento do dereito.

c) Prestación de servizos.

d) Reembolsos de préstamos.

Nos dous supostos anteriores o crédito xerarase no momento do recoñecemento do dereito, se ben a dispoñibilidade dos devanditos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos.

Así mesmo, o responsable xestor do gasto que corresponda avaliará, se o crédito dispoñible nas correspondentes partidas presupostarias do estado de gastos é suficiente para financiar o incremento dos gastos necesarios para o desenvolvemento das novas actividades que se derivan do novo compromiso de ingreso, en cuxo caso non será necesaria a xeración de crédito e considerarase como maior ingreso.

Os expedientes de xeración de créditos tramitaraos a unidade de Presupostos, corresponderalle a súa aprobación ao presidente da deputación, logo de informe de Intervención en que deixe constancia de:

a) A correlación entre o ingreso e o crédito xerado.

b) Os conceptos de ingresos onde se producira un ingreso ou compromiso non previsto no presuposto inicial ou que exceda da súa previsión inicial e a súa contía.

c) As partidas presupostarias do estado de gastos e o crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.

BASE 15ª. - INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO DO EXERCICIO ANTERIOR

Os remanentes de crédito estarán formados polos seguintes compoñentes:

a) Os saldos de disposicións ou diferenza entre gastos dispostos ou comprometidos e obrigas recoñecidas.

b) Os saldos de autorizacións ou diferenza entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.

c) Os saldos de crédito ou suma de créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de autorizar.

Os remanentes de crédito, para os efectos da súa posible incorporación ao exercicio seguinte, poderán atoparse nas seguintes situacións:

a) Remanentes de crédito non incorporables.
En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de crédito incorporados no exercicio que se liquida, salvo aqueles que estivesen financiados con recursos afectados

b) Remanentes de crédito de incorporación voluntaria.

Poderán ser incorporados aos correspondentes créditos dos presupostos de gastos do exercicio inmediato seguinte, os remanentes de crédito non utilizados procedentes de:

1. - Créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito que fosen concedidos ou autorizado no último trimestre do exercicio.

2. - Créditos que amparen disposicións ou compromisos de gastos do exercicio anterior, a que se fai referencia no artigo 26.2,b) do Real decreto 500/1990.

3. - Créditos por operacións de capital.

4. - Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.

c) Remanentes de crédito de incorporación obrigatoria.

Os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente ao exercicio seguinte, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou que se faga imposible a súa realización.

A incorporación dos remanentes de crédito detallados nos parágrafos anteriores quedará subordinada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Os remanentes de crédito derivados de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito concedidos ou autorizados no último trimestre, deberán ser aplicados para os mesmos gastos que motivaron, en cada caso, a súa concesión e autorización, poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio presupostario seguinte e quedarán subordinados á existencia de suficientes recursos financeiros.
- En relación cos créditos que amparen compromisos de gastos do exercicio anterior, os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio presupostario seguinte e deberán contar con suficientes recursos financeiros.
- Aos créditos financiados con recursos afectados non lle serán de aplicación as regras de limitación no número de exercicios, se ben deberán contar con suficientes recursos financeiros.

Para os efectos de incorporación de remanentes de crédito considerararanse recursos financeiros:

a) O remanente líquido de tesouraría.

b) Novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no presuposto.

No caso de incorporación de remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado considerararanse recursos financeiros suficientes:

a) En primeiro lugar os excesos de financiamento e os compromisos firmes de achega afectados aos remanentes que se pretende incorporar.

b) No seu defecto, os recursos mencionados no parágrafo anterior.

As propostas de incorporación de remanentes tramitaraos a unidade de Presupostos desta Deputación provincial, e terán en conta as seguintes prioridades:

1º. - Os recursos financeiros dispoñibles aplicaranse en primeiro termo á incorporación de remanentes de crédito que amparen proxectos de gastos financiados con ingresos afectados.

2º. - O exceso, se o houber, destinarase a financiar a incorporación de remanentes de crédito que amparen disposicións ou compromisos de gasto de exercicios anteriores.

3º. - Os recursos financeiros que resulten tras as incorporacións expostas aplicaranse á incorporación dos restantes remanentes de crédito de carácter voluntario.

A aprobación dos citados expedientes, logo de informe de Intervención xeral, corresponderalle, en todo caso, ao presidente da deputación.

No caso de se produciren alteracións na codificación das clasificacións orgánica, funcional ou económica, con respecto ao presuposto anterior, a unidade de Presupostos, logo de informe de Contabilidade e Intervención, deberá proceder a actualizar, segundo as novas codificacións, os créditos incorporados.

BASE 16ª. - BAIXAS POR ANULACIÓN

Poderá darse de "baixa por anulación" calquera crédito do presuposto de gastos ata a contía correspondente ao saldo de crédito sempre que a devandita dotación se estime reducible ou anulable sen perturbación do respectivo servizo.

Poderán ser orixe dunha baixa de créditos:

a) O financiamento de remanentes de tesouraría negativos.
b) A limitación da dispoñibilidade de créditos.
c) O financiamento de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
d) A execución doutros acordos do Pleno da entidade local.

Para a tramitación dos expedientes de "baixa por anulación" observaranse os seguintes requisitos:

- Iniciación do expediente polo presidente ou polo Pleno.
- Informe do órgano Interventor.
- Ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas.

Corresponderalle ao Pleno da deputación a aprobación das baixas por anulación dos créditos incluídos no Presuposto xeral.

TÍTULO III.- EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO XERAL

CAPÍTULO 1°. - NORMAS XERAIS SOBRE EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN

BASE 17ª. - FASES NA XESTIÓN DO ESTADO DE GASTOS

A xestión dos créditos incluídos no estado de gastos do Presuposto xeral da Deputación provincial realizarase nas seguintes fases:

a) Autorización do gasto.
b) Disposición ou compromiso do gasto.

c) Recoñecemento e liquidación da obriga.
d) Ordenación do pagamento.

As devanditas fases terán o carácter e contido definido nos artigos 54 a 61 do R.D. 500/1990.
Con carácter previo procederase á retención do crédito correspondente.

BASE 18ª. - ACUMULACIÓN DE FASES

1. - De conformidade con o disposto no artigo 183.2 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e aos artigos 67 e 68 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, poderanse acumular varias fases da xestión do gasto nun só acto administrativo.

Poderanse presentar, polo tanto, as seguintes fases:

- Retención do crédito, que constituirá, en todo caso, un acto independente (RC).
- Autorización - Disposición (AD).
- Autorización - Disposición - Recoñecemento da obriga (ADO).

O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que se as devanditas fases se acordasen en actos administrativos separados. En calquera caso, o órgano ou autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia orixinaria, delegada ou desconcentrada, para acordar todas e cada unha das bases que naquel se inclúan.

2. - Cando para a realización dun gasto, se coñeza a súa contía exacta e o nome do perceptor, poderanse acumular as fases de autorización e disposición tramitándose a través do procedemento abreviado "AD".
Poderanse tramitar por este procedemento, entre outros, os seguintes tipos de gasto:

- Nómina do persoal funcionario e laboral fixo.
- Contratos de vixencia plurianual respecto da anualidade presupostaria.
- Gastos de tracto sucesivo cuxo importe é previamente coñecido: arrendamentos, contratos de prestación de servizos, etc.
- Gastos financeiros, xuros e cotas de amortización de préstamos, cuxo importe sexa coñecido previamente ao recoñecemento da obriga.
- Subvencións correntes e de capital non nominativas obxecto de convocatoria específica, e as nominativas expresamente recollidas nas Bases de execución do presuposto.

3. - Os gastos que polas súas características requiran axilidade na súa tramitación ou aqueles nos que a esixibilidade da obriga poida ser inmediata e sempre e cando non estean suxeitos ao proceso de contratación, poderán acumular as fases de autorización, disposición e recoñecemento da obriga tramitándose o documento contable "ADO". Poderanse tramitar por este procedemento, entre outros, os seguintes tipos de gastos:

- Anticipos de pagas ao persoal funcionario e laboral.
- Outros gastos de acción social.
- Asistencia a tribunais de oposicións e órganos colexiados e axudas de custo por comisións de servizo.
- Nómina de deputados e persoal laboral temporal.
- Gastos presupostarios consecuencia de fondos librados co carácter de "a xustificar" ou como "anticipos de caixa fixa".
- Gastos de tracto sucesivo tales como subministración de auga, teléfono, enerxía eléctrica, estadías de acollidos en centros alleos e outros cuxo importe se concreta coa facturación periódica.
- Todos aqueles gastos do capítulo II e do capítulo VI, se é o caso, da clasificación económica do presuposto, que teñan o carácter de "contratos menores".
- Todos aqueles gastos financeiros que debido ás súas características, non pode coñecerse o seu importe previamente ao recoñecemento da obriga (xuros variables, etc.).
- Subvencións prepagables.

BASE 19ª. - RETENCIÓNS DE CRÉDITOS

Dentro do importe dos créditos autorizados no Presuposto xeral, corresponderalle á Intervención xeral a retención de créditos baseándose nas propostas de gastos ou de modificacións de crédito que efectúen as correspondentes unidades xestoras.

BASE 20ª. - AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS

Con cargo aos créditos do estado de gastos do Presuposto xeral da deputación, a autorización e disposición destes corresponderalle aos seguintes órganos:

Ao Pleno da Corporación, ou á Xunta de Goberno nos supostos de delegación:

1) Gastos de carácter plurianual, cando a súa duración sexa superior a 4 anos, cando sendo inferior o importe acumulado de todas as súas anualidades supere os 6.010.121,00 euros ou cando se excepcionen os límites establecidos no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.
2) As contratacións e concesións de todo tipo cando o seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto, e, en todo caso, 6.010.121,00 euros.
3) O recoñecemento extraxudicial de créditos, sen prexuízo do disposto no último parágrafo da base 21ª.
4) Os gastos relativos a Plans provinciais.
5) O concerto de operacións de crédito, a longo prazo sempre que superen o 10% dos recursos ordinarios do presuposto e as de tesouraría que excedan os límites establecidos no artigo 33.2.K) da LRBRL.
6) Aqueles outros gastos derivados do exercicio da súa competencia.

Ao presidente da Deputación provincial.

1) Gastos de persoal conforme ás normas que regulen estes.
2) Compra de bens correntes e servizos dentro dos límites da súa competencia.
3) Xuros, amortizacións, comisións e outros gastos financeiros derivados da débeda provincial.
4) Subvencións, logo de cumprimento de normas que regulan a súa concesión e en concreto as relativas a publicidade, concorrencia e determinación de criterios obxectivos para a súa concesión.
5) Contratos de obras, servizos e subministracións cuxa competencia non estea atribuída ao Pleno da Deputación provincial.
6) Apertura e cancelación de operacións de tesouraría, dentro dos límites establecidos no artigo 33.2.k) da LRBRL.
7) A concertación das operacións de crédito a longo prazo que non superen o 10% dos recursos ordinarios do presuposto.
8) Aqueles gastos plurianuais que non estean reservados ao Pleno da Corporación.
9) Aqueles outros gastos derivados do exercicio da súa competencia.

Os documentos contables relativos á autorización e disposición de gastos de competencia do presidente da deputación entenderanse debidamente acreditados mediante a indicación naqueles do número da resolución aprobatoria da execución do gasto e copia adxunta desta. Naqueles supostos en que a autorización ou disposición de gastos sexa competencia do Pleno Corporativo achegarase aos documentos contables unha certificación do acordo plenario expedida pola Secretaría Xeral.

BASE 21ª. - RECOÑECEMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS

O recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderalle ao presidente da deputación.

O recoñecemento e liquidación de obrigas requirirá, como trámite previo, que en cada factura de calquera provedor, o xefe do Servizo ou Establecemento Provincial correspondente asinará sobre a mesma factura ou documento de cargo, ou sobre a súa fotocopia, facilitada polo Servizo de Contabilidade conforme ao disposto na Resolución da Presidencia nº 13.085 do 8 de agosto de 2007, a seguinte "Dilixencia": "Prestados os servizos, realizadas as obras ou verificadas as subministracións detalladas na presente factura, conforme con cantidades, e prezo, data... - O receptor. Sinatura... ". A factura deberá cumprir as prescricións previstas no artigo 6º do Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro e consignará, no seu caso o IVE repercutido.

A dilixencia a que se refire o parágrafo anterior, forma parte da comprobación obrigatoria do investimento para todos os gastos non xustificados documentalmente con certificación de obras, ou actas de recepción de obras, subministracións ou servizos.

Cando a comprobación do investimento precise de coñecementos técnicos, esta farase por medio de certificación expedida polo técnico ou técnica provincial correspondente. Tales certificacións terán o valor atribuído á dilixencia a que se refire o número anterior e ademais, que a obra, servizo ou subministración verificouse conforme ás condicións técnicas que serviron de base para a adxudicación.

O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderalle ao Pleno provincial. Cando no expediente tramitado para o efecto se acredite a existencia de crédito dispoñible, nas partidas presupostarias de aplicación, dentro do seu nivel de vinculación, para facer fronte ás obrigas derivadas de tal recoñecemento extraxudicial, delégase na Presidencia o acto material da súa aprobación, todo iso de conformidade co establecido no artigo 60 en relación co 26.2.c) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril. O expediente oportuno será obxecto do informe previo da Sección de Presupostos e Estudos Económicos, a quen lle corresponderá a tramitación destes expedientes.

BASE 22ª. - ORDENACIÓN DE PAGAMENTOS

A ordenación de pagamentos daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderalle ao presidente da Deputación provincial. As ordes de pagamento deberán acomodarse ao plan de disposición de fondos que estableza a Presidencia, tendo prioridade en todo caso os gastos de persoal e as obrigas contraídas en exercicios anteriores.

O pagamento material xustificarao a Tesouraría mediante o "recibín" do perceptor e orde de transferencia bancaria debidamente dilixenciada pola entidade financeira.

BASE 23ª. - XUSTIFICACIÓN DAS ORDES DE PAGAMENTO

Non poderán expedirse ordes de pagamento sen que previamente se acredite documentalmente perante o órgano competente para recoñecer obrigas, a realización da prestación ou o dereito do acredor e todo iso de conformidade coas resolucións aprobatorias da autorización e compromiso do gasto.

BASE 24ª. - ORDES DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR

Non se poderán expedir ordes de pagamento sen a debida xustificación da obriga a que ela se refira. Non obstante, con carácter excepcional, poderán expedirse ordes de pagamento "a xustificar", en cuxo caso deberán axustarse ás seguintes normas:

1ª) A expedición e execución das ordes de pagamento "a xustificar", deberá efectuarse logo da aprobación polo órgano competente da autorización e disposición do gasto, achegándose informes sobre as circunstancias polas que non se poden acompañar os documentos xustificativos antes da orde de pagamento, e sobre a motivación do importe dos fondos cuxo libramento anticipado se solicita, e informe da Intervención ao respecto.

2ª) Os fondos librados a xustificar poderán situarse, a disposición da persoa autorizada, nunha conta restrinxida aberta para o efecto nunha entidade financeira ou na Caixa de pagamentos. O importe total a librar mediante pagamentos "a xustificar" a un mesmo perceptor e por un mesmo concepto non poderá exceder de 6.010,00 euros, agás nos pagamentos derivados de expropiacións, en cuxo caso o devandito importe máximo amplíase ata o total das valoracións periciais contidas no expediente expropiatorio.

3ª) Os conceptos presupostarios susceptibles de libramentos de fondos co carácter de "a xustificar", limítanse aos contidos no capítulo II da clasificación económica do presuposto de gastos e a aqueles outros do capítulo VI que se relacionan:

a) Subministracións menores, sempre que non requiran trámite contractual ningún por razón da súa contía, de acordo coa lexislación aplicable.

b) Pagamento das taxacións establecidas pola Administración provincial en relación con expedientes de expropiación. Neste caso o mandamento de pagamento a xustificar librarase á Tesouraría provincial, e o seu importe ingresarase na conta bancaria establecida para tal fin.

c) Adquisicións de fondos bibliográficos de ocasión ou outros con destino á Biblioteca provincial, sempre que non requiran trámite contractual ningún.

d) Adquisición de bens inmobles, mediante o procedemento de expropiación forzosa.

4ª) A xustificación das ordes de pagamento expedidas co carácter de "a xustificar" deberá efectuarse no prazo de 3 meses dende a súa expedición e, en todo caso, antes de que finalice o exercicio presupostario.

5ª) Os perceptores de fondos librados "a xustificar" deberán render ante a Intervención conta xustificativa dos devanditos gastos acompañando facturas e documentos que xustifiquen esta. A citada conta coa súa documentación e o informe da Intervención someterase á aprobación do ordenador de pagamentos. Cando non se xustifique a totalidade dos fondos recibidos procederase ao reintegro dos percibidos en exceso, acompañando á devandita conta xustificante do ingreso efectuado.

De non se render a conta nos prazos establecidos nesta base, procederase a instruír expediente de alcance contra o perceptor dos devanditos fondos, de conformidade co disposto para o efecto na Lei presupostaria. De igual modo procederase contra os perceptores de fondos librados "a xustificar" polas cantidades non xustificadas nin reintegradas nos prazos establecidos.

6ª) Para o seu seguimento contable estarase ao disposto nas regras 31 e seguintes da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (Orde EHA/4041/2004, do 23 de novembro).

Só en circunstancias excepcionais, debidamente motivadas, poderán librarse novos importes con este carácter se os pendentes de xustificar están dentro do prazo de xustificación.

7ª) Cando se trate de atencións de carácter periódico ou repetitivo terán o carácter de anticipos de caixa fixa.

BASE 25ª. - ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

Os fondos librados "a xustificar" co carácter de anticipos de caixa fixa regularanse polas seguintes normas:

1ª) Ámbito

O réxime de anticipos de caixa fixa aplicarase nos seguintes centros, establecementos provinciais ou servizos provinciais:

- I.E.S. Calvo Sotelo
- I.E.S. Puga Ramón
- Imprenta Provincial
- Parque Móbil
- Servizo de Recadación
- Fogar Infantil Emilio Romay
- Fogar Infantil de Ferrol
- Administración Biblioteca e Arquivo Provincial

- Patrimonio e Contratación

- Conservatorio Profesional de Danza
- Centro Cultural Pazo de Mariñán
- Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos
- Secretaría da Presidencia

Os anticipos de caixa fixa destinaranse a atender gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo tales como material de oficina non inventariable, subministración de produtos perecedoiros tales como alimentación, combustible, material funxible, servizos de mantemento de edificios, instalacións, etc., e calquera outro de similar natureza que sexan imputables ao capítulo II do presuposto xeral de gastos.

Así mesmo, o Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, a través de anticipos de caixa fixa poderá xestionar os gastos relativos a axudas de custo por transporte, aloxamento e manutención, así como os gastos de inscrición en actividades de formación do persoal funcionario, laboral, eventual e deputados provinciais.

A proposta dos responsables dos centros ou servizos provinciais, logo dos informes da Intervención e da Tesouraría provincial, e a través de resolución da Presidencia, poderán modificarse os centros ou servizos provinciais aos que se faga extensivo o réxime de anticipos de caixa fixa previsto na presente base, respectando o seu contido no que se refire a contía, situación dos fondos, control, xustificación e contabilidade.

2ª) Contía

Os anticipos de caixa fixa, en función dos gastos a satisfacer con cargo a estes, respecto ao capítulo 2º, poderán alcanzar unha contía equivalente ao 25% do importe dos créditos definitivos do devandito capítulo, xestionados directamente polos responsables do anticipo concedido. En consecuencia, non se terán en conta á hora de cuantificar estes anticipos de caixa fixa aqueles gastos xestionados directamente polos servizos centrais da deputación: Contratación, Arquitectura, Enxeñaría, etc.

Cando concorran circunstancias excepcionais que supoñan dificultades de liquidez en determinados períodos do exercicio poderase ampliar a porcentaxe que determina o importe do anticipo ata o 40% do importe dos créditos definitivos do capítulo 2º xestionados directamente polos responsables do anticipo concedido, mediante resolución da Presidencia, logo de proposta de centro, establecemento ou servizo provincial, e con informe favorable da Intervención.

3ª) Situación dos fondos

Para situar os fondos correspondentes a cada centro ou servizo como anticipo de caixa fixa, procederase á apertura dunha conta restrinxida para tal fin nunha entidade financeira, individualizada por centro ou servizo, co título: " Excma. Deputación Provincial Centro X. Anticipo de Caixa Fixa".

Os fondos situados en tales contas terán para todos os efectos carácter de fondos públicos provinciais e os seus xuros ingresaranse nos conceptos do capítulo 5º do Presuposto Xeral da Deputación Provincial

4ª) Disposición de fondos

As disposicións de fondos das contas a que se refire o apartado anterior, efectuaranse mediante cheques nominativos ou transferencias bancarias, autorizadas polas sinaturas mancomunadas do director ou do administrador do centro ou do xefe do servizo ou das persoas designadas para o efecto mediante resolución da Presidencia. Excepcionalmente, logo de informe de Intervención e a Tesouraría provincial, poderán utilizarse outras formas de pagamento que se determinen expresamente mediante resolución da Presidencia.

Para aquelas situacións nas que teñan que efectuarse pagamentos en efectivo (mercados, pequenas adquisicións ocasionais e outras similares) poderase dispoñer de fondos mediante cheque nominativo a un dos titulares da conta, que será responsable da custodia e xustificación destes.

Os gastos cuxos pagamentos haxan de realizarse con fondos a xustificar, serán acordados polos responsables de cada centro, establecemento ou servizo. Nos xustificantes de pagamento farase constar o número do cheque ou transferencia en que se materializou a operación.

5ª) Control

Mensualmente e acompañando a conta do período respectivo, achegarase o estado demostrativo do movemento da conta bancaria e saldo desta.

En calquera momento a Intervención Xeral poderá solicitar estados de situación das mencionadas contas con carácter extraordinario, e referidos a datas concretas.

6ª) Xustificación

Os diversos centros seguirán remitindo con periodicidade mensual as contas de gastos do período como se viña efectuando ata o momento, achegando o sinalado na norma 5ª.

As devanditas contas seguirán a súa tramitación ordinaria, dando lugar ás correspondentes ordes de pagamento polas cantidades a que ascende cada un dos conceptos, ingresándose o importe total da conta corrente de anticipo de caixa fixa. Desta forma reporanse os fondos gastados no período ao que se circunscribe a conta mensual.

Os gastos efectuados con cargo a fondos librados como anticipos de caixa fixa, de conformidade ás presentes normas, non estarán sometidos a intervención previa nos termos sinalados polo artigo 219.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sempre que o seu importe sexa inferior a 3.005,06 euros. Noutro caso requírese o informe previo de Fiscalización.

7ª) Contabilidade e control.

Para o seu seguimento contable estarase ao disposto nas regras 34 e seguintes da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (Orde EHA/4041/2004, do 23 de novembro).

BASE 26ª. - GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL

A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos presupostos.

Os devanditos gastos estarán sometidos ás limitacións establecidas no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

No caso de investimentos, transferencias de capital e transferencias correntes, o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros, non poderá exceder da contía que resulte de aplicar as porcentaxes que se sinalan no parágrafo seguinte ao importe que se obtén despois de efectuar sobre o crédito inicial da partida presupostaria de aplicación, as seguintes operacións:

- Dedución do importe dos compromisos de gastos plurianuais adquiridos en exercicios anteriores, na parte imputable ao exercicio corrente.
- Incrementos derivados de modificacións de crédito tramitados no exercicio.
- Minoracións por baixas ocasionadas por anulación de créditos ou por transferencias a outras partidas.

As porcentaxes expresadas no apartado anterior serán: para o exercicio inmediato seguinte o 70%, para o 2º exercicio o 60%, no 3º e 4º exercicios o 50%.

BASE 27ª. - CONTRATOS MENORES

A tramitación de gastos que pola súa contía deban considerarse contratos menores conforme ao disposto no artigo 95 e 122.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público adecuaranse ás seguintes normas:

A) Normas comúns a todos os contratos menores

En ningún caso poderán considerarse contratos menores aqueles que correspondan a partes ou fases dun mesmo obxecto.

En todo caso, procurarase a acumulación de subministracións que teñan idéntico obxecto ou finalidade co fin de tramitar expedientes de contratación conxuntos.

Corresponderalle a quen propoña a realización dun contrato menor verificar previamente a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa tramitación, mediante a incorporación do documento contable de retención de créditos polo importe da proposta.

En todos os casos, as propostas de contratos menores deberán remitirse para a súa tramitación ao Servizo de Patrimonio e Contratación, para os efectos de verificar as consultas efectuadas e comprobar que a persoa física ou xurídica proposta para a execución do contrato está ao corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e non estea incursa nas prohibicións de contratar e reúne, polo tanto, as condicións para ser contratista coa Administración pública.

Os contratos menores terán unha duración inferior ao ano, procurarase a súa imputación ao exercicio presupostario en que se realiza a prestación, non poderán ser obxecto de prórroga, ampliación, incremento, revisión de prezos nin obxecto de fraccionamento.

Só se admitirá unha única factura por cada un destes contratos, calquera que sexa o seu importe, unha vez realizada a prestación, xa que non se permiten pagamentos parciais nin entregas a conta para esa modalidade de contratos. Exceptúanse os contratos de importe superior a 6.000,00 euros (IVE incluído), en cuxos casos se admitirán facturas e/ou certificacións de obra por importes non inferiores a 3.000,00 euros (IVE incluído).

Na tramitación dun contrato menor de contía inferior a 18.000.00 euros (IVE incluído), se o órgano de Contratación decidise publicar anuncios da convocatoria en diarios oficiais ou en prensa, non se liquidará importe ningún ao contratista adxudicatario polo concepto de reintegro de gastos de anuncios a cargo de contratistas.

B) Contratos menores de obras de reparación simple e de conservación e mantemento

a.1) Cando a contía das obras a realizar sexa inferior a 6.000,00 euros, (IVE incluído) será suficiente a proposta do persoal técnico competente contendo a descrición das obras a realizar e a cuantificación do seu importe e a subseguinte achega da factura coa dilixencia de conformidade a que se refire a Base 21 de execución de presuposto.

a.2) Cando o importe das obras a realizar estea comprendido entre 6.001,00 euros e 18.000,00 euros, (IVE incluído) o expediente conterá a proposta razoada do servizo técnico correspondente e unha memoria valorada detallada, debendo acreditarse a consulta a tres empresas, polo menos, ou a súa imposibilidade. Tal consulta realizarase, preferentemente, a empresas que figuren inscritas no Rexistro Oficial de Documentación de Empresas Contratistas, de conformidade co establecido na Ordenanza Reguladora do Rexistro de Empresas Contratistas da Excma. Deputación Provincial da Coruña, (BOP nº 64, do 20 de marzo de 1998). Sobre a base das consultas realizadas, logo da acreditación de existencia de crédito axeitado e suficiente para afrontar o gasto que leve consigo a proposta de adxudicación, ditarase resolución do órgano competente determinando os elementos esenciais da relación contractual: datos do adxudicatario (nome, razón social, NIF ou CIF, domicilio social, etc.) obxecto, prezo, forma de pagamento, prazo de execución e dereitos e obrigas recíprocas.

a.3) Se a contía do presuposto da obra a realizar está comprendida entre 18.001,00 euros e 50.000,00 (IVE incluído) euros, o expediente conterá o presuposto de execución por contrata das obras, a memoria valorada e o proxecto técnico cando normas específicas o requiran, e adxudicarase normalmente mediante procedemento aberto (cun único criterio de adxudicación ou con multiplicidade de criterios), salvo que circunstancias de urxencia ou excepcionalidade debidamente acreditadas no expediente aconsellen utilizar o procedemento indicado no apartado anterior.

C) Contratos menores de subministracións e outros

A adxudicación de material non inventariable que polo seu carácter esporádico ou extraordinario non permita a tramitación dun contrato conxunto de subministracións, adecuarase aos seguintes criterios xenéricos:

b.1) Cando a contía non exceda de 3.000,00 euros, (IVE incluído), e non se tramiten a través do sistema de anticipos de caixa fixa, as peticións poderán tramitarse a través do Servizo de Patrimonio e Contratación, mediante a remisión dun vale externo de petición de material que se tramitará conforme ás normas que dite a Presidencia.

b.2) Cando a contía sexa superior a 3.000,00 euros e inferior a 18.000,00 euros (IVE incluído), o expediente conterá unha proposta de adquisición razoada, detallada e valorada, debendo acreditarse a consulta a tres empresas, polo menos, salvo que resultase imposible ou inconveniente por razóns que deberán constatarse no expediente. A consulta efectuarase preferentemente a empresas incluídas no Rexistro Oficial de Documentación de Empresas Contratistas.

En todo caso, requirirase o acordo do órgano competente determinando os elementos esenciais da relación contractual: adxudicatario (nome ou razón social, CIF ou NIF), obxecto, prezo, forma de pagamento, prazo de execución, dereitos e obrigas das partes.

As propostas de adquisición de material inventariable que superen o importe de 3.000,00 euros (IVE incluído) requirirán a tramitación a través do Servizo de Patrimonio e Contratación.

D) Asistencia técnica para a valoración dos criterios de adxudicación dos contratos

Os profesionais que polos seus coñecementos científicos, técnicos, culturais ou académicos, sexan designados para formar parte das comisións técnicas que han de valorar e ponderar os criterios de adxudicación dos contratos desta deputación, percibirán unha remuneración por cada informe emitido de 150,00 euros, independentemente do numero de sesións a que dese lugar a emisión do informe-proposta requirido.

Sobre as cantidades aboadas practicarase a retención correspondente, de acordo co previsto na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

CAPÍTULO 2º. - NORMAS REGULADORAS DE DETERMINADOS INGRESOS

BASE 28ª. - INGRESOS DA RECADACIÓN DIARIA

De acordo co previsto ao respecto na Ordenanza Fiscal Xeral en desenvolvemento do artigo 60 da Lei xeral tributaria 58/2003 e dos artigos 33 e seguintes do Regulamento xeral de recadación, e Resolución da Presidencia número 23.337 do 28 de decembro de 2007, determínase que:

1) INGRESOS EN ENTIDADES COLABORADORAS

1) Os cobramentos tanto en voluntaria como executiva dos recursos doutros entes públicos que xestiona a deputación a través dos seus servizos tributarios serán canalizados na súa totalidade polas entidades colaboradoras que aceptaran o correspondente convenio-tipo de colaboración que a deputación estableceu.

2) Tamén poderán ser obxecto de cobramento a través desta canle de ingresos os recursos propios, tanto en voluntaria como executiva, que se canalicen polo sistema integral de xestión tributaria, sen prexuízo daqueles supostos en que o cobramento se realice exclusivamente pola Tesourería.

Os citados ingresos situaranse na conta restrinxida de colaboración aberta para o efecto en cada entidade colaboradora.

Os ingresos serán obxecto de comunicación diaria polas entidades colaboradoras ao servizo de Recadación e os importes recadados traspasaranse con referencia aos días 5 e 20 de cada mes á conta operativa correspondente de cada unha das entidades colaboradoras.

Os ingresos procedentes das domiciliacións canalizaranse nunha conta específica de domiciliacións e seguirán o procedemento previsto no convenio-tipo de colaboración que a deputación formalizou coas entidades colaboradoras.

Mediante resolución da Presidencia e circulares da Intervención e Tesouraría, poderanse ditar as normas necesarias que desenvolvan este apartado, tendo en conta as normas tributarias vixentes e na Ordenanza Fiscal Xeral e demais ordenanzas aprobadas polo Pleno da deputación.

2) INGRESOS NA CAIXA PROVINCIAL

Todos aqueles recursos propios que determine a Presidencia por proposta da Tesouraría, que se sigan cobrando a través da Caixa da Corporación, así como as fianzas en metálico, depósitos, etc.… que se efectúen nela, deberán ingresarse polo menos semanalmente na conta operativa sinalada para o efecto pola Tesouraría.

Mediante resolución da Presidencia e circulares da Intervención e a Tesouraría, poderanse ditar normas complementarias ou instrucións que desenvolvan a execución do proceso de formalización de ingresos e contabilización de cargos e datas dentro do procedemento recadatorio.

BASE 29ª. - OPERACIÓNS DE TESOURARÍA

En harmonía co disposto nos artigos 53 e 199 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, e logo de informe de Intervención, o presidente da deputación poderá concertar operacións de tesouraría para cubrir déficit temporais de liquidez.

BASE 30ª. - APELACIÓN AO CRÉDITO

Autorízase o concerto de operacións de crédito con entidades financeiras ata o importe de 7.900.000,00 euros, previsto no capítulo 9º do estado de ingresos do Presuposto da Deputación Provincial do ano 2009, para financiar os investimentos que se detallan no seguinte cadro:

EXPLICACIÓN DO GASTO	PARTIDA PRESUPOSTARIA	TOTAL INVESTIMENTO	ACHEGA DIPUTACIÓN		ACHEGA ESTADO
			PRÉSTAMO	FONDOS PROPIOS	
CEL. Plan de Obras e Servizos. (POS)	05.01/911A/762.01	23.700.000,00	7.900.000,00	12.472.316,00	3.327.684,00

CAPÍTULO 3º. - FUNCIÓN FISCALIZADORA

BASE 31ª. - EXERCICIO DA FUNCIÓN FISCALIZADORA

1. - A función fiscalizadora será desempeñada polo interventor xeral, o viceinterventor, o interventor adxunto e os funcionarios adscritos ao Servizo de Fiscalización da Intervención.

2. - O interventor xeral desempeñará esa función en cumprimento do disposto no artigo 92.3.b) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 213 e seguintes do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a Lei xeral presupostaria, R.D. 1174/1987 do 18 de setembro, e demais disposicións concordantes.

3. - O viceinterventor e o interventor adxunto, de conformidade co establecido no artigo 17 do R.D. 1174/1987 do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional, asumirán, por delegación expresa do interventor xeral, as competencias que este lles delegue mediante resolución da Presidencia.

4. - Para os efectos previstos no artigo 218 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a Intervención Xeral elevará o seu informe ao Pleno provincial como parte integrante do expediente que contén a Conta Xeral.

BASE 32ª. - ALCANCE DA FISCALIZACIÓN DE GASTOS E INGRESOS

1. - Por proposta da Presidencia, logo de informe de órgano interventor e de conformidade co disposto no artigo 219 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese nesta deputación o sistema de fiscalización previa limitada co seguinte alcance:

A) Proposta de gastos en xeral. Fiscalizaranse os seguintes e puntos:

a) Existencia de crédito presupostario e que o proposto é o axeitado á natureza do gasto e obriga que se propoña contraer. Nos casos en que se trate de contraer compromisos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

b) Que as obrigas ou gastos xéraos o órgano competente.

c) Que existe informe-proposta do xefe da dependencia.

d) Que se emitiron os informes preceptivos que en cada caso procedan.

Estes tres puntos serán obxecto de fiscalización en toda clase de expedientes sobre propostas de gastos en xeral, sen prexuízo dos que a continuación se detallan en función da distinta natureza dos expedientes.

B) Para todo expediente haberán de efectuarse, no seu caso, ademais das comprobacións que se determinan nos apartados anteriores, as que a continuación se sinalan:

a) Cando dos informes preceptivos aos que se fai referencia nos diferentes apartados se deducise que se omitiron requisitos ou trámites que sexan esenciais ou que a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos, procederase ao exame exhaustivo do documento ou documentos obxecto do informe e se, a xuízo do interventor, se dan as mencionadas circunstancias, haberá de actuar conforme ao preceptuado no artigo 215 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

b) Nos expedientes de recoñecemento de obrigas deberá comprobarse que responden a gastos aprobados e fiscalizados ou a sentenzas xudiciais firmes.

C) Outros puntos obxecto de fiscalización:

Nas nóminas de retribucións do persoal ao servizo da Deputación provincial, os puntos adicionais serán os seguintes:

a) Que as nóminas estean asinadas polo xefe do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e propóñense para a súa autorización polo órgano competente.

b) Comprobación do cumprimento do sinalado na Resolución da Presidencia nº 19.741 do 14 de novembro de 2007, que aproba as instrucións para a tramitación e execución das nóminas mensuais de haberes do persoal.

O resto das obrigas reflectidas na nómina, así como os actos que as xeren, serán obxecto de comprobación posterior.

- Proposta de contratación de persoal laboral fixo:

a) Incorporación de certificado acreditativo, expedido por órgano competente, de que os postos a cubrir figuran detallados nas respectivas relacións ou catálogos de postos de traballo e están vacantes.

b) Cumprirse o requisito de publicidade das correspondentes convocatorias no BOE, nos termos establecidos na normativa que en cada caso resulte de aplicación.

c) Acreditación dos resultados do proceso selectivo expedida polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

d) Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente.

e) Que as retribucións que se sinalen no contrato se axusten ao convenio colectivo que resulte de aplicación.

- Proposta de contratación de persoal laboral temporal:

a) Cumprírense os criterios de selección establecidos polo Pleno provincial, nos termos previstos na normativa de xeral aplicación e no Regulamento de Selección de Persoal laboral temporal e interino da deputación.

b) Acreditación dos resultados do proceso selectivo expedida polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

c) Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente que se respectou a relación priorizada do persoal seleccionado.

d) No suposto de contratación de persoal con cargo aos créditos de investimentos, verificarase a existencia do informe do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, sobre a modalidade de contratación temporal utilizada e sobre a observancia, nas cláusulas do contrato, dos requisitos e formalidades esixidas pola lexislación laboral.

e) Que as retribucións que se sinalen no contrato se axusten ao convenio colectivo que resulte de aplicación.

- Proposta de concesión de subvencións non nominativas:

Aprobación do gasto:

a) Existencia de bases reguladoras da concesión de subvencións.
b) Aprobación e publicidade das bases.
c) Bases axustadas ás previsións contidas na lei 38/2003, xeral de subvencións, no Regulamento de desenvolvemento da devandita lei, na Lei de subvencións de Galicia e nas normas xerais sobre subvencións recollidas nas Bases de execución do presuposto.
d) Adecuación do expediente ás bases aprobadas.
e) Que na convocatoria figuran os créditos presupostarios aos que se imputa a subvención e a contía total máxima das subvencións convocadas, así como, se é o caso, o establecemento dunha contía adicional máxima, en aplicación do artigo 58 do regulamento da Lei xeral de subvencións.
f) Que na convocatoria figuran os criterios de valoración das solicitudes e que estes son conformes cos establecidos nas correspondentes bases reguladoras.
g) Cando se trate de expedientes de aprobación de gasto pola contía adicional do artigo 58 do regulamento da Lei xeral de subvencións, unha vez obtido o financiamento adicional, verificarase como punto adicional que non se supera o importe establecido na convocatoria.

Compromiso do gasto:

a) Que existe o informe do órgano colexiado correspondente sobre a avaliación das solicitudes.
b) Que existe o informe do órgano instrutor no que conste que da información que consta no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas.
c) Que a proposta de resolución do procedemento expresa o solicitante ou a relación de solicitantes aos que se vai conceder a subvención, a súa contía, o coeficiente de financiamento e o presuposto subvencionado.

Recoñecemento de obrigas:

a) Que existen os xustificantes esixidos nas bases da convocatoria que acrediten a correcta aplicación da subvención á súa finalidade.
b) Que a xustificación se produza dentro de prazo.
c) Para aquelas subvencións nas que a súa normativa reguladora prevexa que os beneficiarios han de achegar garantías, que se acredita a existencia das devanditas garantías.
d) No caso de realizárense pagamentos a conta, que están previstos na normativa reguladora da subvención.
e) Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, que o beneficiario está ao corrente de obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non é un debedor por resolución de procedencia de reintegro.

f) Que se acompaña certificación a que se refire o artigo 88.3 do regulamento da Lei xeral de subvencións, expedida polo órgano encargado do seguimento da subvención.

- Proposta de concesión de subvencións nominativas:

Aprobación e compromiso do gasto:

a) Que a concesión directa da subvención se ampara nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

b) Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, que o beneficiario está ao corrente de obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non está incurso nas prohibicións para obter a devandita condición, previstas no apartado 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) Se o expediente se instrumenta a través dun convenio, ademais de verificar o establecido con carácter xeral no punto anterior, deberá comprobarse, con carácter previo á súa subscrición, que existe informe do servizo xestor e do secretario xeral.

Recoñecemento de obrigas:

Comprobaranse os mesmos puntos previstos no apartado relativo ao recoñecemento da obriga das subvencións non nominativas

- Propostas de indemnización de danos e prexuízos por responsabilidade de carácter extracontractual:

a) Informe do servizo o funcionamento do cal ocasionara a presunta lesión indemnizable.
b) Valoración pericial.
c) Informe dos servizos xurídicos.

- Contratos de obra nova e de proxectos modificados:

Aprobación do gasto:

a) Que exista proxecto informado polos servizos técnicos correspondentes e/ou supervisión técnica do proxecto, se proceder.
b) Que exista prego de cláusulas administrativas informado polo secretario xeral.
c) Cando se utilice o prego tipo de cláusulas administrativas, verificar que o contrato a celebrar é de natureza análoga ao informado polo secretario xeral.
d) Que exista acta de replanteo previo, asinada polo xefe do servizo correspondente e, no seu caso, dispoñibilidade das licenzas preceptivas.
e) Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece, para a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato; e que cando se utilice un único criterio este sexa o do prezo máis baixo.

f) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o negociado, comprobar que concorren os supostos previstos na normativa contractual para utilizar o devandito procedemento.
g) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 164 da Lei de contratos do sector público.
h) Cando se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da poxa electrónica, verificar que os criterios de adxudicación a que se refire esta se baseen en modificacións referidas ao prezo ou requisitos cuantificables e susceptibles de seren expresados en cifras ou porcentaxes.

Compromiso do gasto.

a) Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación, que exista decisión motivada do órgano de Contratación.
b) Cando se declare a existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, que existe constancia da solicitude da información aos licitadores supostamente comprendidos nelas e do informe do servizo técnico correspondente.
c) Cando, de acordo coa normativa, non se constitúa Mesa de Contratación, que existe conformidade da clasificación concedida ao contratista que se propón como adxudicatario provisional coa esixida no prego de cláusulas administrativas particulares cando proceda.
d) Cando se utilice o procedemento negociado, que existe constancia no expediente dos convites cursados, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas polo órgano de Contratación, de conformidade co disposto na Lei de contratos do sector público. Así mesmo, verificarase que se publicou o anuncio de licitación correspondente nos supostos do artigo 161 da Lei de contratos do sector público.
e) Cando se propoña a celebración dun contrato con prezos provisionais de conformidade co artigo 75.5 da Lei de contratos do sector público, que se detallen na proposta de adxudicación provisional os puntos contidos nas letras a), b) e c) do citado precepto.

Adxudicación definitiva:

a) Que, no seu caso, se acredita a constitución da garantía definitiva.
b) Acreditación do empresario ao que se lle adxudicou provisionalmente o contrato de que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
c) No seu caso, que se acompaña certificado do rexistro correspondente ao órgano de Contratación que acredite que non se interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación provisional ou dos recursos interpostos. Neste segundo suposto, deberá comprobarse igualmente que recaeu resolución expresa do órgano de Contratación desestimando o recurso ou recursos interpostos.

Modificados:

a) Que a posibilidade de modificar o contrato estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento descritivo.
b) Que existe proxecto informado polo servizo técnico e supervisión do proxecto, se proceder.
c) Que existen informes do Servizo de Patrimonio e Contratación e do secretario xeral.
d) Que exista acta de replanteo previo.

- Obras accesorias ou complementarias:

a) Que exista proxecto informado polo servizo técnico correspondente.

b) No caso de que a obra accesoria ou complementaria supere o 20 por 100 do prezo do contrato no momento da aprobación da devandita obra accesoria ou complementaria ou, sen superalo, se adxudique a contratista diferente do da obra principal, o expediente deberá cumprir os requisitos previstos para a obra nova.

c) Cando se propoña a adxudicación ao mesmo contratista da obra principal, a verificación do cumprimento do disposto no artigo 155.b) da Lei de contratos do sector público limitarase á circunstancia de que non se supere o límite do 50 por 100 do prezo primitivo do contrato.

d) Que exista acta de replanteo previo asinada polo xefe do servizo correspondente.

Revisión de prezos (Aprobación do gasto):

Que se cumpran os requisitos esixidos polo artigo 77.1 e 2 da Lei de contratos do sector público. e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.

Certificacións de obra:

a) Que existe certificación, autorizada polo facultativo director da obra e coa conformidade dos servizos correspondentes do órgano xestor (Servizos de Patrimonio e Contratación e/ou de Xestión de Plans).

b) Para a primeira certificación, que está constituída a garantía definitiva e formalizado o contrato.

c) Que a obra se execute nos prazos previstos. Se non é así requiriráselle informe explicativo do director da obra determinando se procede ou non inicio do procedemento sancionador e se procede modificar o prazo inicial.

d) No caso de efectuárense aboamentos a conta por operacións preparatorias dos dispostos no artigo 215.2 da Lei de contratos do sector público, comprobar que se prestou a garantía esixida e se cumpran as condicións para o aboamento a conta.

e) Que a empresa adxudicataria achegue factura de acordo co previsto no Real decreto 1.496/2003, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.

f) Cando a certificación de obra inclúa revisión de prezos, para o seu aboamento comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 77.1 e 2 da Lei de contratos do sector público e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.

g) Comprobar a existencia de endosos ou embargos ou outras formas de transmisión dos dereitos.

h) Verificar a existencia de descontos a practicar por mora nos prazos de execución totais ou parciais, dirección de obra, control de calidade ou anuncios a cargo do contratista ou outros.

Certificación final:

a) Que existe informe do servizo técnico correspondente.

b) Que se acompaña certificación ou acta de conformidade da recepción da obra, no seu caso, acta de comprobación á que se refire o artigo 168 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas ou acta de comprobación e medición á que se refire o artigo 222.1 da Lei de contratos do sector público.

c) Que a obra se execute nos prazos previstos. Se non é así requirirase informe explicativo do director da obra determinando se procede ou non inicio do procedemento sancionador e se procede modificar o prazo inicial.

d) Cando se inclúa revisión de prezos, para o seu aboamento, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 77.1 e 2 da Lei de contratos do sector público e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.
e) Que a empresa adxudicataria achegue factura de acordo co previsto no Real decreto 1.496/2003, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.
f) Comprobar a existencia de endosos ou embargos, ou outras formas de transmisión dos dereitos.
g) Verificar a existencia de descontos a practicar por mora total ou parcial, dirección de obra, control de calidade a cargo do contratista ou outros.

Pagamento de xuros de mora:

a) Que exista informe do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Secretaría Xeral.
b) Que a empresa adxudicataria achegue factura de acordo co previsto no Real decreto 1.496/2003, do 28 de novembro, sobre a obriga de expedir facturas por empresarios e profesionais.

Indemnizacións a favor do contratista:

a) Que existe informe do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Secretaría Xeral.
b) Que existe informe técnico e valoración pericial.

Resolución do contrato de obra:

a) Que existe informe do Servizo de Patrimonio e Contratación e do secretario xeral.
b) Que, no seu caso, existe ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Execución de obras por administración:

a) Que existe proxecto informado polo Servizo de Arquitectura ou de Infraestruturas e Conservación, segundo proceda.
b) Que existe acta de replanteo previo asinada polo xefe do servizo correspondente.
c) Que conste a licenza ou autorización preceptivas para a súa execución.

- Subministracións en xeral:

Aprobación do gasto:

a) Que exista prego de cláusulas administrativas particulares informado polo secretario xeral e, no seu caso, prego de prescricións técnicas da subministración.
b) Cando se utilice prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, verificar que o contrato a celebrar é de natureza análoga ao informado polo secretario xeral.
c) Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece, para a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato; e que cando se utilice un único criterio, este sexa o do prezo máis baixo.

d) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o negociado, comprobar que concorren os supostos previstos na normativa contractual para utilizar o procedemento negociado.

e) Que a duración do contrato prevista no prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo se axusta ao previsto na Lei de contratos do sector público.

f) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 164 da Lei de contratos do sector público.

g) Cando se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da poxa electrónica, verificar que os criterios de adxudicación a que se refire esta se baseen en modificacións referidas ao prezo ou requisitos cuantificables e susceptibles de seren expresados en cifras ou porcentaxes.

Adxudicación provisional:

a) Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación, que existe decisión motivada do órgano de Contratación.

b) Cando o empresario proposto como adxudicatario non presentase na licitación a certificación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido nos artigos 13 e 14 do R.D. 1098/2001, do 12 de outubro, e se caducase, conforme o artigo 16.3 do citado regulamento, comprobar que este está ao corrente das devanditas obrigas.

c) Cando se declare a existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, que existe constancia da solicitude da información aos licitadores supostamente comprendidos nelas e do informe do servizo técnico correspondente.

d) Cando se utilice o procedemento negociado, que existe constancia no expediente dos convites cursados, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas polo órgano de Contratación, de conformidade co disposto na Lei de contratos do sector público. Así mesmo, verificarase que se publicou o anuncio de licitación correspondente nos supostos do artigo 161 da Lei de contratos do sector público.

e) Cando se propoña a celebración dun contrato con prezos provisionais de conformidade co artigo 75.5 da Lei de contratos do sector público, que se detallan na proposta de adxudicación provisional os puntos contidos nas letras a), b) e c) do citado precepto.

Adxudicación definitiva:

a) Acreditación da constitución da garantía definitiva, no seu caso.

b) Acreditación polo empresario ao que se adxudicou provisionalmente o contrato de que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

c) No seu caso, que se acompaña certificado do rexistro correspondente ao órgano de Contratación que acredite que non se interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación provisional ou dos recursos interpostos. Neste segundo suposto, deberá comprobarse igualmente que recaeu resolución expresa do órgano de Contratación desestimando o recurso ou recursos interpostos.

Revisión de prezos (Aprobación do gasto):

Que se cumpran os requisitos esixidos polo artigo 77.1 e 2 da Lei de contratos do sector público e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.

Modificación do contrato:

a) Que a posibilidade de modificar o contrato está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento descritivo.

b) Que existe informe do Servizo Xurídico e, no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Aboamentos ao contratista, a conta:

a) No primeiro aboamento a conta, que se constituíu a garantía definitiva e formalizado o contrato.
b) Que existe a conformidade dos servizos competentes coa subministración realizada ou fabricada.
c) Que a empresa adxudicataria achega factura de acordo co previsto no Real decreto 1.496/2003, do 28 de novembro, sobre a obriga de expedir factura por empresarios e profesionais.
d) Cando no aboamento se inclúa revisión de prezos, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 77.1 e 2 da Lei de contratos do sector público. e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.
e) No caso de efectuárense anticipos, dos dispostos no artigo 200.3 da Lei de contratos do sector público, comprobar que se prestou a garantía esixida.
f) Comprobar a existencia de endosos ou embargos, ou outras formas de transmisión dos dereitos.
g) Verificar a existencia de descontos a practicar por mora total ou parcial, dirección de obra, control de calidade a cargo do contratista, ou outros.
h) Acreditar o cumprimento do prazo contractual

Aboamento total ou pagamento da liquidación se existisen aboamentos a conta:

a) Que se acompaña certificación ou acta de conformidade da recepción da subministración.
b) Que a empresa adxudicataria achega factura de acordo co previsto no Real decreto 1.496/2003, do 28 de novembro polo que se aproba o regulamento que regula as obrigas de facturación.
c) Comprobar a existencia de endosos ou embargos, ou outras formas de transmisión dos dereitos.
d) Verificar a existencia de descontos a practicar por mora total ou parcial, dirección de obra, control de calidade a cargo do contratista ou outros.
e) Cando se inclúa revisión de prezos, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 77.1 e 2 da Lei de contratos do sector público e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.

Pagamento de xuros de mora:

Que exista informe do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Secretaría Xeral.

Indemnizacións a favor do contratista:

a) Que exista informe do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Secretaría Xeral.
b) Que exista informe técnico.
c) Que, no seu caso, existe informe do Consello de Estado ou do Consello Consultivo de Galicia, se proceder.

- Contratación de equipos e sistemas para o tratamento da información:

Expediente inicial:. comprobarase, entre outros puntos, que existe ditame da Comisión de Informática.

- Contratos de servizos:

Aprobación do gasto:

a) Que existe o prego de cláusulas administrativas particulares e está informado polo Servizo de Patrimonio e Contratación e pola Secretaría Xeral.
b) Que o obxecto do contrato está perfectamente definido, de maneira que permita a comprobación do exacto cumprimento das obrigas por parte do contratista.
c) Cando se utilice prego-tipo de cláusulas administrativas, verificar que o contrato a celebrar é de natureza análoga ao informado pola Secretaría Xeral.
d) Informe detallado e razoado, emitido polo Servizo interesado na celebración do contrato, no que se xustifique debidamente os puntos recollidos nos artigos 93 e 277 a 280 da Lei de contratos do sector público.
e) Que o prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo establece, para a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato; e que cando se utilice un único criterio este sexa o do prezo máis baixo.
f) Que a duración do contrato prevista no prego de cláusulas administrativas particulares ou o documento descritivo se axusta ao previsto na Lei de contratos do sector público.
g) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o negociado, comprobar que concorren os supostos previstos na normativa contractual para utilizar o procedemento negociado.
h) Cando se propoña como procedemento de adxudicación o diálogo competitivo, verificar que se cumpre algún dos supostos de aplicación do artigo 164 da Lei de contratos do sector público.
i) Cando se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares a utilización da poxa electrónica, verificar que os criterios de adxudicación a que se refire esta se baseen en modificacións referidas ao prezo ou requisitos cuantificables e susceptibles de seren expresados en cifras ou porcentaxes.

Adxudicación provisional:

a) Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación, que existe decisión motivada do órgano de Contratación.
b) Cando o empresario proposto como adxudicatario non presentase na licitación a certificación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido nos artigos 13 e 14 do R.D. 1098/2001, do 12 de outubro, e se caducase, conforme o artigo 16.3 do citado regulamento, comprobar que este está ao corrente das devanditas obrigas.
c) Cando se declare a existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, que existe constancia da solicitude da información aos licitadores supostamente comprendidos nelas e do informe do Servizo Técnico correspondente.
d) Cando se utilice o procedemento negociado, que existe constancia no expediente dos convites cursados, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas polo órgano de Contratación, de conformidade co disposto na Lei de contratos do sector público. Así mesmo, verificarase que se publicou o anuncio de licitación correspondente nos supostos do artigo 161 da Lei de contratos do sector público.
e) Cando se propoña a celebración dun contrato con prezos provisionais de conformidade co artigo 75.5 da Lei de contratos do sector público, que se detallan na proposta de adxudicación provisional os puntos contidos nas letras a), b) e c) do citado precepto.

Adxudicación definitiva:

a) Acreditación da constitución da garantía definitiva, no seu caso.

b) Acreditación do empresario ao que se lle adxudicou provisionalmente o contrato de que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

c) No seu caso, que se acompaña certificado do rexistro correspondente ao órgano de Contratación que acredite que non se interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación provisional ou dos recursos interpostos. Neste segundo suposto, deberá comprobarse igualmente que recaeu resolución expresa do órgano de Contratación desestimando o recurso ou recursos interpostos.

Aboamentos na conta:

a) No primeiro aboamento a conta, que se constituíu a garantía definitiva e se formalizou o contrato, salvo que se instrumente en forma de retención do prezo.

b) Que existe certificación do órgano correspondente valorando o traballo parcial executado.

c) Que a empresa adxudicataria achega factura de acordo co previsto no Real decreto 1.496/2003, do 28 de novembro, que regula as obrigas de facturación.

d) Cando no aboamento se inclúa revisión de prezos, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 77.1 e 2 da Lei de contratos do sector público e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.

e) No caso de efectuárense anticipos, dos dispostos no artigo 200.3 da Lei de contratos do sector público, comprobar que se prestou a garantía esixida.

f) Comprobar a existencia de endosos ou embargos ou outras formas de transmisión dos dereitos.

g) Verificar a existencia de descontos a practicar por mora total ou parcial, dirección de obra, control de calidade ou anuncios a cargo do contratista ou outros.

h) Acreditar o cumprimento do prazo contractual.

Aboamento total ou pagamento da liquidación se existisen aboamentos a conta:

a) Que se acompaña certificación ou acta de conformidade da recepción dos traballos.

b) Que a empresa adxudicataria achega factura de acordo co previsto no Real decreto 1.496/2003 do 28 de novembro, que aproba o regulamento que regula as obrigas de facturación.

c) Cando se inclúa revisión de prezos, para o seu aboamento, comprobar que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 77.1 e 2 da Lei de contratos do sector público e que non está expresamente excluída a posibilidade de revisión no prego de cláusulas administrativas particulares.

d) Comprobar a existencia de endosos ou embargos ou outras formas de transmisión dos dereitos.

e) Verificar a existencia de descontos a practicar por mora total ou parcial, dirección de obra, control de calidade ou anuncios a cargo do contratista ou outros.

Nos expedientes relativos a servizos informáticos verificarase, ademais, que existe informe técnico da Comisión de Informática da deputación.

- Contratos patrimoniais

Adquisición de bens inmobles:

a) Proposta de adquisición polo Servizo interesado.

b) Informe do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Secretaría Xeral.

c) Informe técnico e valoración pericial.

Arrendamento de bens inmobles, xa sexa tramitado como expediente independente ou en expediente de alienación do inmoble no que simultaneamente se vai acordar o seu arrendamento ou arrendamento financeiro:

a) Proposta de arrendamento e autorización do gasto polo departamento interesado.
b) Informe do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Secretaría Xeral.
c) Valoración pericial comparativa do arrendamento proposto e da alternativa de adquisición e acondicionamento dun inmoble para o mesmo fin.

Aprobación do compromiso de gasto polo departamento interesado:

Que existe acordo do órgano competente de adxudicación do concurso, se a selección do arrendador se efectuou mediante este procedemento.

Recoñecemento da obriga:

a) Que existe a conformidade dos servizos competentes coa prestación realizada.
b) Que o arrendador achega factura de acordo co previsto no Real decreto 1.496/2003, do 28 de novembro, que regula as obrigas de facturación.

- Convenios de colaboración con Comunidades Autónomas:

Subscrición:

Que existe informe do Servizo correspondente, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Secretaría Xeral.

Modificacións substanciais:

Que existe informe do Servizo competente, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Secretaría Xeral.

Prórroga:

Que existe informe do Servizo competente, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Secretaría Xeral.

- Convenios de colaboración co resto de entidades de dereito público:

Que existe informe do Servizo competente, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Secretaría Xeral.

- Convenios de colaboración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado.

a) Que existe informe do Servizo competente, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Secretaría Xeral.
b) No caso de que impliquen subvencións nominativas, verificación dos requisitos establecidos na Base 48.

- **Plans provinciais para o desenvolvemento da Cooperación:**

Que exista informe da Secretaría Xeral sobre o texto das Bases do plan.

2. - Así mesmo, en materia de ingresos públicos, tanto propios da Deputación provincial como os que se xestionan e/ou recaden por expresa delegación doutros entes públicos, substitúese a fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a autorización de técnicas de mostraxe ou auditoría. A devandita substitución realizarase con carácter xeral e sen prexuízo de continuar coa fiscalización previa naqueles supostos en que se considere necesario. Mediante resolución da Presidencia

determinaranse en concreto os actos de xestión en que proceda a fiscalización a posteriori, así como o procedemento, informes, técnicas de mostraxe e todos aqueles aspectos necesarios para o desenvolvemento da devandita fiscalización posterior. Resultará de aplicación a Resolución da Presidencia nº 20.744 do 28 de decembro de 2002, ata a súa modificación ou derrogación expresa.

3. - A fiscalización plena posterior realizaraa a Intervención Xeral nos seis primeiros meses do exercicio seguinte a aquel en que se produciron os ingresos e gastos obxecto da fiscalización previa limitada, utilizando para o efecto os procedementos que xulgue oportunos, en función da carga de traballo existente e dos medios persoais e materiais dispoñibles, procurando, non obstante, adecuarse aos criterios establecidos pola Intervención Xeral do Estado a través das Circulares 3/92, do 3 de marzo e 2/93 do 3 de marzo.

4. - Non obstante todo o anterior, emitiranse informes especiais cando na realización da fiscalización plena posterior se evidencie a posible existencia de supostos de responsabilidade contable.

5. - Conforme ao disposto na normativa de Contratos do Sector Público e no prazo máximo dun mes dende a certificación de obra que acredite a súa terminación, procederase á recepción das obras. Para proceder á recepción das obras deberá designarse un facultativo que represente á administración, tal designación pode recaer no director ou codirector da obra cando así o estime, motivadamente, o órgano de Contratación, sempre que este sexa funcionario público.

Para dar cumprimento ao previsto no artigo 214.2.d) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, a intervención e comprobación material dos investimentos realizados pola Deputación da Coruña, desenvolverase a través das seguintes normas:

1º) O interventor xeral asistirá, persoalmente ou a través de delegación expresa conferida para cada obra en particular, á recepción das obras a contía das cales supere os 300.506,00 euros. (IVE incluído).

Para tal fin debe producirse a correspondente comunicación cunha antelación mínima de 10 días hábiles respecto do proposto para a recepción das obras, ao obxecto de que se dispoña de tempo abondo para a axeitada organización e programación do traballo a realizar.

2º) Para a recepción das obras que, sendo superiores a 30.051,00 euros e non superen os 300.506,00 euros (IVE incluído) delégase de forma xenérica a representación da Intervención Xeral nos técnicos adscritos aos Servizos Provinciais de Infraestruturas e Conservación, Enxeñaría e Mantemento e de Arquitectura, segundo quen teña atribuída a dirección ou codirección da obra correspondente.

Non obstante, debe producirse a comunicación previa da data prevista para a recepción formal de tales obras coa antelación citada no apartado anterior, co obxecto de que se conte coa necesaria información e, en supostos excepcionais, sexa posible asistir á recepción das obras.

3º) Para a recepción das obras o importe final de execución das cales non supere os 30.051,00 euros (IVE incluído) outórgase a delegación xenérica expresada no apartado anterior, sen que sexa necesaria a comunicación previa indicada.

Para os restantes tipos de contratos regulados na Lei de contratos do sector público, os criterios establecidos nos apartados anteriores aplicaranse tomando en consideración as seguintes particularidades:

Apartado 1ª) Contratos de contía superior a 60.101,00 euros.
Apartado 2ª) Contratos de contía superior a 24.000, 00 euros e inferior a 60.101,00 euros.
Apartado 3ª) Contratos de contía inferior a 24.000, 00 euros.

A delegación expresa ou xenérica a que se fai referencia nos apartados citados entenderase outorgada aos xefes dos respectivos Servizos Provinciais, cando a recepción non requira de especiais coñecementos técnicos. Noutro caso refírese aos técnicos designados polos Servizos Provinciais de Arquitectura, Enxeñaría e Mantemento e Infraestruturas e Conservación ou Servizo de Informática, segundo proceda conforme ao obxecto do contrato.

En todas as actas de recepción deberá constar expresamente a asistencia da Intervención Xeral, ben a través do seu titular ou da persoa que o represente, xa sexa o técnico que asume a delegación xenérica nos actos indicados, xa sexa a persoa designada concretamente para unha obra determinada.

6. - De conformidade co establecido no artigo 219.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, non estarán sometidos a intervención previa os gastos de contratos menores, así como os de carácter periódico e demais de tracto sucesivo unha vez intervido o gasto correspondente ao período inicial do acto ou contrato de que deriven ou as súas modificacións, así como outros gastos menores de 3.005,00 euros que, de acordo coa normativa vixente, se fagan efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa. En todo caso, a tramitación destes gastos requirirá a verificación da existencia de crédito presupostario dispoñible, axeitado e suficiente, a través da expedición do documento contable de retención de crédito.

CAPÍTULO 4º. – CONTABILIDADE

BASE 33ª. - INFORMACIÓN CONTABLE

O presidente da deputación, por proposta da Intervención, poderá determinar os estados informativos e os rexistros contables que se consideren necesarios ou convenientes para o axeitado control e verificación das operacións realizadas con transcendencia económica, financeira ou patrimonial.

BASE 34ª. - LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO XERAL

1ª. - A liquidación do Presuposto xeral porá de manifesto o indicado no artigo 93 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

2ª. - Como consecuencia da liquidación do presuposto deberán determinarse:

a) Os dereitos pendentes de cobramento e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro.
b) O resultado presupostario.
c) Os remanentes de crédito
d) O remanente de tesouraría.

3ª. - Corresponderalle ao presidente da Deputación, logo de informe de Intervención Xeral, a aprobación de liquidación de Presuposto da Deputación provincial.

BASE 35ª. - REMANENTE DE TESOURARÍA

1ª) O remanente de tesouraría da Deputación provincial estará integrado polos dereitos pendentes de cobramento, as obrigas pendentes de pagamento e os fondos líquidos, todos eles referidos a 31 de decembro do exercicio, nos termos establecidos nas Regras 81 a 86 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, aprobado pola Orde EHA/4041/2004, do 23 de novembro.

2ª) O remanente de tesouraría dispoñible para o financiamento de gastos xerais determínase minorando o remanente de tesouraría no importe dos dereitos pendentes de cobramento que, no fin de exercicio, se consideren de difícil ou imposible recadación e no exceso de financiamento finalista producido nos gastos con financiamento afectado.

3ª) O importe dos dereitos pendentes de cobramento de difícil ou imposible recadación virá dado polo saldo da conta 490 "provisión para insolvencias", que corresponda a dereitos de carácter presupostario ou non presupostario incluídos no cálculo do remanente de tesourería. En todo caso, consideraranse dereitos de difícil ou imposible recadación sen que tal consideración implique a súa anulación ou baixa en contabilidade:

a) Os dereitos recoñecidos por recursos propios recollidos nos capítulos I, II e III do estado de ingresos, de antigüidade superior a un ano.

b) Os dereitos recoñecidos por transferencias correntes e de capital nos que o acto administrativo de recoñecemento e liquidación do dereito se producira en exercicios anteriores a aquel que é obxecto de liquidación.

c) Os debedores por conceptos non presupostarios nos que transcorrera máis dun ano dende a acreditación das circunstancias que habilitan á deputación para a realización material do dereito pendente de cobramento.

d) En todo caso, cando lle conste á Administración provincial que o debedor está nalgunha das situacións recollidas na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

4º) O exceso de financiamento afectado estará constituído polas desviacións de financiamento positiva acumuladas co fin de exercicio, determinadas e calculadas na forma establecida na regra 50 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local aprobada pola Orde EHA 4041/2004, do 23 de novembro.

5º) O importe do remanente de tesouraría dispoñible para o financiamento de gastos xerais destinarase, prioritariamente e pola orde que se indica, aos seguintes fins:

- A financiar a achega provincial necesaria para a obrigatoria incorporación dos remanentes de crédito de gastos con financiamento afectado.
- A permitir a incorporación dos remanentes de crédito correspondentes a gastos legalmente comprometidos a través do oportuno expediente de incorporación de remanentes de crédito.
- Incorporación de remanentes correspondentes a gastos autorizados de carácter incorporable.
- Incorporación de remanentes relativos a gastos retidos pendentes de autorización de carácter incorporable.
- A financiar a execución no exercicio 2009 dos gastos legalmente autorizados ou comprometidos en exercicios anteriores que non sexan incorporables conforme ás normas presupostarias de xeral aplicación e que requiran de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito.

- A permitir a total imputación presupostaria de posibles pagamentos pendentes de aplicación, non presupostarios e dos importes que excepcionalmente puidesen figurar no balance a 31 de decembro na conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar ao presuposto", se non estivesen previstos ou fosen insuficientes os considerados no presuposto do exercicio 2009.

CAPÍTULO 5º. - TESOURARÍA PROVINCIAL

BASE 36ª. - RENDICIÓN DE CONTAS POLOS RECADADORES PROVINCIAIS

A Presidencia, e por proposta da Tesouraría, determinará o contido e periodicidade dos estados e contas a render polos recadadores provinciais pola súa xestión dos recursos propios e doutros entes públicos.

BASE 37ª. - APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DE DÉBEDAS

A concesión de aprazamentos e fraccionamentos de ingresos públicos provinciais corresponderalle ao presidente da deputación.

Ao citado órgano corresponderalle a dispensa de garantías nos supostos dispostos no artigo 50 do Regulamento Xeral de Recadación, e nos de suspensión do procedemento recadatorio a que se refire o artigo 14 da Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, todo iso, de acordo co establecido ao respecto na Ordenanza Fiscal Xeral da deputación.

BASE 38ª. - XUROS DE MORA

Non se practicará liquidación por xuros de mora cando a cantidade resultante por este concepto sexa inferior á establecida ou que poida establecerse no futuro mediante resolución da Presidencia.

BASE 39ª. - MODIFICACIÓN DE DEREITOS E OBRIGAS DE EXERCICIOS PECHADOS

As baixas que se produzan no exercicio, relativas a dereitos e obrigas de exercicios pechados tramitaranse de acordo coa súa normativa específica. Ás anulacións de liquidacións, insolvencias, prescrición e demais motivos de baixa de dereitos recoñecidos seranlles de aplicación os seguintes preceptos:

- Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria.

- Regulamento xeral de recadación aprobado por Real decreto 939/2005 do 29 de xullo.
- Ordenanza Fiscal Xeral da Deputación provincial.
- Instrucións e circulares da Presidencia da deputación.

Cando sexa preciso modificar os saldos iniciais de dereitos pendentes de cobramento e obrigas pendentes de pagamento, a causa de erros ou omisións na información contable e presupostaria, co fin de garantir que a contabilidade reflicta a imaxe fiel da situación financeira e patrimonial da deputación e garantir a permanente concordancia entre a información contable e a derivada doutros Servizos Provinciais, tramitarase o oportuno expediente no que, logo do informe de Intervención, a aprobación definitiva da modificación ou modificacións que se propoñan corresponderalle ao presidente da deputación.

TÍTULO IV.- GASTOS DE PERSOAL

CAPÍTULO 1º. - NORMAS XERAIS

BASE 40ª. - INCREMENTO DE RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN

1. - As retribucións íntegras do persoal funcionario e laboral ao servizo desta Deputación provincial experimentarán o incremento sobre o exercicio anterior que se sinale na Lei de presupostos xerais do Estado para 2009. Adicionalmente, a masa salarial dos funcionarios en servizo activo, experimentará un incremento do 1 por 100 que se destinará ao aumento do complemento específico. Igualmente, a masa salarial do persoal laboral experimentará o incremento necesario para facer posible a aplicación a este dunha contía anual equivalente á que resulte para os funcionarios públicos. Para o cálculo da masa salarial aplicarase o disposto na citada lei. Non obstante, estarase ao que determine o Pleno da Corporación, logo de negociación con representantes de persoal, e dentro dos límites que estableza a lei antes citada e demais normativa aplicable. A devandita limitación non será de aplicación nos supostos de promoción interna de funcionarios, en cuxo caso a provisión das prazas convocadas levará aparellada a automática amortización das correspondentes prazas do grupo de orixe.

En todo caso, para levar a cabo a promoción interna será precisa a realización dos seguintes trámites seguindo o procedemento legalmente establecido, logo de negociación con representantes de persoal e adopción dos acordos correspondentes polo Pleno:

a) Valoración dos postos de traballo afectados por esta.
b) Determinación dos labores e tarefas a desempeñar polo novo posto que aseguren o axeitado funcionamento dos servizos mediante a aprobación dun manual de funcións.
c) Identificación dos postos a ascender que permitan manter unha axeitada coherencia da organización provincial.

Co fin de dar cumprimento ás previsións contidas nos vixentes acordo negociado de persoal funcionario e convenio colectivo do persoal laboral, efectúanse as seguintes consignacións:

0203/313B/160.07	Fondo social para prestacións de asistencia social conciliación laboral	57.888,00
0203/313B/162.00	Formación e perfeccionamento persoal funcionario e non laboral	23.834,00
0203/313B/162.03	Achega Plan pensións persoal funcionario	195.340,00

0203/313B/162.04	Acción social persoal funcionario	76.152,00
0203/313B/162.05	Seguros persoal funcionario e non laboral	546.901,00
0203/313B/162.06	Bolsas para funcionarios	232.839,00
0203/313B/162.07	Axuda adquisición vivendas funcionarios	148.320,00
0203/313B/163.00	Formación e perfeccionamento persoal laboral	10.171,00
0203/313B/163.03	Achega plan pensións persoal laboral	68.600,00
0203/313B/163.04	Acción social persoal laboral	22.719,00
0203/313B/163.05	Seguros persoal laboral	245.140,00
0203/313B/163.06	Bolsas persoal laboral	40.943,00
0203/313B/163.07	Axuda adquisición vivendas P. Laboral	51.500,00
0203/313B/831.00	Anticipos reintegrables ao persoal activo	951.720,00
	TOTAL	2.672.067,00

2. - Efectúase unha consignación global de 113.550,00 euros, na partida 0203/611Z/151.00 e 63.036,00 euros na partida 0203/611Z/151.01 con cargo ás cales se aboarán as gratificacións por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo polo persoal funcionario e laboral respectivamente.

Estas gratificacións terán carácter excepcional e para a súa tramitación deberá constar expresamente no expediente a autorización concreta da Presidencia da Corporación para a realización do servizo de que se trate, previos os informes preceptivos dos servizos de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e da Intervención provincial.

3. - Consígnanse 45.900,00 euros na partida 0203/611Z/125.01 e 510.000,00 euros na partida 0203/611Z/125.00 para atender os gastos que ocasionen promoción interna que se pretenden realizar no exercicio 2009 para a mellora da eficacia dos servizos públicos e reclasificación de postos de traballo de persoal funcionario. Estes importes só poderán ser incrementados ou minorados e aplicados á súa finalidade a través do correspondente acordo plenario, logo de negociación con representantes de persoal mediante o procedemento legalmente establecido.

4. - Efectúase unha consignación de 57.888,00 euros na partida 0203/313B/160.07 como fondo adicional para prestacións sociais e conciliación laboral que só poderá ser incrementado ou minorado a través do correspondente acordo plenario, logo de negociación con representantes de persoal mediante o procedemento legalmente establecido. En todo caso, non poderá dispoñerse do devandito crédito ata que estea regulado o seu destino mediante o correspondente acordo.

5. - As consignacións das partidas que seguidamente se detallan destinaranse a atender a totalidade dos gastos que se tramiten durante o exercicio polos conceptos correspondentes ata o 10 de decembro inclusive. Se houbese economías nas aplicacións citadas transferirase o seu saldo dispoñible ás partidas 0203/313B/162.03 e 0203/313B/163.03 para incrementar a achega da deputación aos plans de pensións do persoal funcionario e laboral. En todo caso, para proceder a esta transferencia requiririase a acreditación de que se tramitaron todas as solicitudes presentadas ata esa data a través do informe expreso do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e realizaranse mediante a aplicación dunha contía idéntica para todo o persoal en activo nesa data.

0203/313B/160.07	Fondo social para prestacións de asistencia social conciliación laboral	57.888,00
0203/313B/162.00	Formación e perfeccionamento persoal funcionario e non laboral	23.834,00

0203/313B/162.03	Achega Plan pensións persoal funcionario	195.340,00
0203/313B/162.04	Acción social persoal funcionario	76.152,00
0203/313B/162.05	Seguros persoal funcionario e non laboral	546.901,00
0203/313B/162.06	Bolsas para funcionarios	232.839,00
0203/313B/162.07	Axuda adquisición vivendas funcionarios	148.320,00
0203/313B/163.00	Formación e perfeccionamento persoal laboral	10.171,00
0203/313B/163.03	Achega Plan pensións persoal laboral	68.600,00
0203/313B/163.04	Acción social persoal laboral	22.719,00
0203/313B/163.05	Seguros persoal laboral	245.140,00
0203/313B/163.06	Bolsas persoal laboral	40.943,00
0203/313B/163.07	Axuda adquisición vivendas P. Laboral	51.500,00

Os importes asignados só poderán ser incrementados ou minorados e aplicados á súa finalidade a través do correspondente acordo plenario, logo de negociación con representantes de persoal mediante o procedemento legalmente establecido.

BASE 41ª. - NÓMINAS

1. O pagamento de toda clase de retribucións aos funcionarios e demais persoal desta deputación efectuarase mediante nómina mensual.

2. - Todas as nóminas confeccionaranse tomando en consideración o establecido na Resolución da Presidencia nº 19.741 do 14 de novembro de 2007, sen prexuízo das modificacións nesta que se aproben logo de informe-proposta de Servizo de Recursos Humanos, de Secretaria, de Intervención e a Tesouraría provincial. Acompañarase un parte das variacións habidas nesta en relación ao mes anterior para a súa debida fiscalización.

3. As nóminas serán autorizadas polo presidente da deputación e levarán a conformidade do xefe do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, pola que se entenderá acreditado que os funcionarios comprendidos nestas prestaron os servizos que se retribúen.

4. Todos os haberes do persoal que figuran nas nóminas mensuais serán pagados pola entidade bancaria designada para o efecto polo presidente da deputación mediante aboamento na conta da devandita entidade ou doutra que elixira o perceptor. O pagamento, nestes casos, xustificarase co documento acreditativo do aboamento ou da orde de transferencia da entidade coa que se ten concertado o servizo do pagamento de haberes.

BASE 42ª. - ANTICIPOS REINTEGRABLES A FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL

1. - Concederanse anticipos reintegrables aos funcionarios conforme ao establecido no artigo 26 do vixente Acordo Negociado de Condicións de Traballo e Dereitos Sindicais dos Funcionarios e ao persoal laboral conforme ao sinalado no artigo 53 do vixente Convenio Colectivo do persoal laboral.

2. - Á extinción ou suspensión da relación de servizo coa Deputación provincial virá obrigado o persoal afectado, ao reintegro do importe pendente de reembolso nos prazos e co procedemento establecido con carácter xeral para outros ingresos de dereito público, mediante resolución do presidente.

3. – Para os efectos indicados no parágrafo anterior non se considerarán suspensión da relación estatutaria ou laboral, os permisos ou licenzas legalmente establecidos ou as situacións de incapacidade laboral transitoria. Durante a vixencia de tales situacións temporais, o persoal funcionario ou laboral incurso nestas que tivese anticipos pendentes de reembolso e non perciba retribucións da Deputación provincial, efectuará os reintegros correspondentes por mensualidades, nas datas inicialmente determinadas, realizándose o ingreso directamente na Tesouraría provincial.

CAPÍTULO 2°. - NORMAS SOBRE PERSOAL FUNCIONARIO

BASE 43ª. - PERSOAL FUNCIONARIO

1º. - A contía dos diferentes conceptos retributivos a percibir polo persoal funcionario será a que determine o Pleno da Corporación, logo de negociación colectiva dentro dos límites que estableza a Lei de presupostos xerais de Estado para o ano 2009, e axustarase ás seguintes normas:

a) O soldo, trienios e pagas extraordinarias que lles correspondan aos diversos grupos de clasificación conforme ao establecido no artigo 76 e na Disposición transitoria terceira do Estatuto básico do empregado público, percibiranse nas contías sinaladas para o efecto na Lei de presupostos do Estado para o ano 2009.

b) O complemento de destino será o correspondente ao nivel do posto de traballo que desempeñe o funcionario, de acordo co catálogo aprobado pola Corporación e a súa contía virá igualmente determinada pola fixada para o efecto pola Lei de presupostos do Estado para o ano 2009.

c) O complemento específico experimentará os incrementos que resulten aplicables ás retribucións dos funcionarios na Lei de presupostos do Estado para o ano 2009, e respectando os límites fixados nesta, sen prexuízo da reclasificación de determinados postos de traballo conforme á normativa vixente.

2ª. Efectúase unha consignación de 90.000,00 euros, na partida 0203/611Z/121.00 para dar cumprimento ao previsto no Acordo da Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, sobre medidas retributivas e de oferta de emprego público para os anos 2007-2009, subscrito o 25 de setembro de 2006. No suposto caso de que o devandito fondo adicional non aparecese disposto na Lei de presupostos xerais do Estado para o exercicio 2009, como de aplicación ás entidades locais, entenderase que o crédito da partida presupostaria antes indicada non é susceptible de utilización por non estar dispoñible de conformidade co establecido nos artigos 30 e 33 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento do capítulo I do título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, que regula as facendas locais.

3º. - Efectúase unha consignación de 756.994,00 euros, na partida 0203/611Z/150.00, para persoal funcionario, con cargo á cal se aboarán o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria, o interese e iniciativa con que se desempeñe o posto de traballo. Este importe só poderá ser incrementado ou minorado a través do correspondente acordo plenario, logo de negociación con representantes de persoal mediante o procedemento legalmente establecido. A asignación individual deste complemento de produtividade levará a cabo mediante a aplicación do indicado no título VI do Plan de emprego, aprobado polo Pleno na súa sesión do 23 de febreiro de 2006, agás para os funcionarios que desempeñen os postos de recadadores - xefes de Zona que percibirán unicamente o complemento pola contía que resulte de aplicación aos seus homólogos laborais en virtude do previsto no número 44.4 destas bases e en igual forma.

4º. - Efectúase unha consignación de 195.000,00 euros na partida 0203/611Z/150.02 para persoal funcionario con cargo á cal se aboará o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que se desempeñen os traballos singulares, extraordinarios, non habituais e dunha importancia estratéxica para a organización provincial e todo iso, en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto e dos obxectivos asignados a este. O procedemento a seguir na súa tramitación será o indicado na Resolución de Presidencia número 20.507 do 3 de decembro de 2007.

5º. - A actividade de formación prestada polo persoal propio funcionario e laboral será remunerada sempre que se realice fóra da xornada ordinaria de traballo.

6º. - A contía a percibir pola asistencia a Comisións Informativas ou de traballo e órganos colexiados de goberno e administración que se celebren fóra do horario normal de traballo, por parte daqueles funcionarios que teñan atribuída a Secretaría destes por delegación de titular, ou sexan convocadas para informar ou asesorar naquelas, de acordo co establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio e lexislación que o desenvolve, percibirán as cantidades previstas para o secretario de categoría primeira no anexo IV do citado Real decreto, sen prexuízo dos incrementos que se fixen para os funcionarios do Estado.

Exceptúanse do anterior e, en consecuencia, aboaranse, en todo caso, as asistencias pola participación en tribunais e concursos encargados da selección de persoal ou de probas cuxa superación sexa necesaria para o desempeño de postos de traballo incluídos no catálogo de postos de traballo naqueles casos que expresamente o autoricen as bases de cada convocatoria específica. Para tal efecto, unha vez coñecido o número de aspirantes admitidos, a Presidencia, a través da oportuna resolución, logo de informe de Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, fixará para cada convocatoria o número máximo de asistencias que poden devengarase tendo en conta as sesións previsibles segundo o número de aspirantes, o tempo necesario para a elaboración de exames, a súa corrección, e outros factores de tipo obxectivo.

7º. - O importe do resto de indemnizacións por razón do servizo será igual ao sinalado pola normativa estatal aplicable.

Para os efectos de axudas de custo os funcionarios de nivel 28 ou superior, serán asimilados ao grupo 1º contemplado no anexo I do Real decreto 462/2002, do 24 de maio e lexislación que o desenvolve.

8º. - Seguindo o espírito de adecuación xeral ao réxime de previsión social de funcionarios civís do Estado, as axudas que con carácter graciable se viñan concedendo para diversas contingencias asistenciais non incluídas na cobertura do vixente réxime de asistencia sanitaria e farmacéutica, serán as previstas na Orde do Ministerio para as Administracións Públicas APU/2245/2005, do 30 de xuño, e normativa que a desenvolva. Como mellora das prestacións obrigatorias concederanse as axudas previstas no acordo plenario do 9 de agosto de 1996.

CAPÍTULO 3º. - NORMAS SOBRE PERSOAL LABORAL

BASE 44ª. - PERSOAL LABORAL

1º. - O conxunto das retribucións a percibir polo persoal laboral ao servizo da deputación experimentará o incremento sobre o exercicio anterior que se sinale na Lei de presupostos xerais do Estado para 2009. Non obstante, estarase ao que determine o Pleno da Corporación, logo da negociación cos representantes de persoal, e dentro dos límites que estableza a lei antes citada e demais normativa aplicable.

2º. - Para aqueles postos de traballo non clasificados dentro dos diversos grupos do convenio colectivo efectuouse unha consignación en igual contía que se o posto fose desempeñado polo funcionario de similar categoría, de acordo cos criterios que se derivan do citado convenio.

Iso non obsta para que a través da oportuna negociación colectiva se efectúe a debida clasificación, cuxas retribucións, en ningún caso, poderán superar as que corresponden a funcionarios de igual categoría.

3º. - Igualmente, a masa salarial do persoal laboral experimentará o incremento necesario para facer posible a aplicación a este dunha contía anual equivalente á que resulte para os funcionarios públicos de incremento adicional do complemento específico no exercicio 2009.

4º. - Efectúase unha consignación de 1.500.000,00 euros dentro da partida 0203/611E/130.01, destinada a retribuír o incentivo de produtividade do persoal laboral adscrito ao Servizo de Recadación a Municipios.

A distribución individual do devandito incentivo efectuarase dentro das normas establecidas no vixente convenio colectivo.

5º. - Efectúase unha consignación de 146.667,00 euros na partida 0203/611Z/150.01 con cargo á cal se aboarán o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria, o interese e iniciativa con que se desempeñe o posto de traballo. Este importe só poderá ser incrementado ou minorado a través do correspondente acordo plenario, logo de negociación cos representantes de persoal mediante o procedemento legalmente establecido e de que se exclúe á súa aplicación a persoal sinalado en número anterior.

6º. - Efectúase unha consignación de 5.000,00 euros na partida 0203/611Z/150.03, para persoal laboral con cargo á cal se aboará o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que se desempeñen os traballos singulares, extraordinarios, non habituais e dunha importancia estratéxica para a organización provincial e todo iso en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto e dos obxectivos asignados a este. O procedemento a seguir na súa tramitación será o acordado cos representantes do persoal.

7º. - Previamente ao comezo das negociacións de convenios ou acordos colectivos que se celebren no ano 2009 deberá solicitarse ao Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos un informe no que se cuantifique a masa salarial autorizada que constitúe o límite máximo das obrigas que poidan contraerse como consecuencia dos devanditos pactos, efectuándose da forma establecida na Lei de presupostos xerais do Estado para o ano 2009.

8º. - Con anterioridade ao acordo ou sinatura de acordos ou convenios colectivos remitirase á Intervención para o seu informe o correspondente proxecto, acompañado da valoración de todos os seus aspectos económicos e masa salarial de referencia, por parte do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

CAPÍTULO 4º. - NORMAS SOBRE PERSOAL EVENTUAL, CONTRATADO E INTERINO

BASE 45ª. - PERSOAL EVENTUAL, CONTRATADO E INTERINO

1º. - Dentro do cadro de persoal funcionario unido ao presuposto figura o número e características do persoal eventual para o exercicio 2009. Así mesmo, figuran nas partidas de goberno e alta dirección as contías das retribucións a percibir por estes segundo o posto de traballo que desempeñen. O devandito persoal percibirá o incremento retributivo que se acorde para o persoal funcionario.

2º. - Durante a vixencia do presuposto, soamente se nomearán funcionarios interinos nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público e no artigo 8 do texto refundido da Lei de función pública de Galicia (Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo), efectuándose a provisión de postos de traballo e cesamento nestes de conformidade á normativa en vigor.

Durante o ano 2009 non se procederá á contratación de persoal temporal nin ao nomeamento de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. En calquera caso, as prazas correspondentes aos nomeamentos a que se refire o artigo 10.1.a) da Lei 7/2007 e contratacións de persoal interino por vacante computarán para os efectos de cumprir o límite máximo da taxa de reposición de efectivos na oferta de emprego público correspondente ao mesmo ano en que aqueles se produzan e, se non fose posible, na seguinte oferta de emprego público, salvo que se decida a súa amortización.

Os funcionarios interinos nomeados, unha vez acreditada a toma de posesión, percibirán as súas retribucións con cargo ás consignacións dos respectivos programas en que figure o posto vacante a cubrir interinamente. Cando a interinidade se produza por circunstancias distintas da situación temporal de "vacante" dun posto de traballo, as retribucións serán efectivas con cargo á dotación de 400.000,00 euros na partida 0203/611Z/141.00

3º. - Igualmente procederase nos supostos de cobertura de postos de traballo vacantes no persoal laboral, a través da contratación temporal de acordo co establecido no artigo 15 do Estatuto dos traballadores e normas que o desenvolven. En consecuencia, o persoal contratado para o efecto percibirá as súas retribucións con cargo á partida en que figure o posto vacante.

4º. - Para aqueles supostos de substitucións de contratacións temporais sen vacante no cadro de persoal laboral, consígnase a cantidade de 250.000,00, euros para atender as retribucións básicas na partida 0203/611Z/131.00 e 250.000,00 euros na partida 0203/611Z/131.01 destinadas ás retribucións complementarias deste persoal.

Os citados contratos rexeranse polas normas aplicables, facultando con carácter xeneral á Presidencia da Corporación para efectuar estes dentro dos requisitos de publicidade e concorrencia esixibles.

CAPITULO 5º. - RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

BASE 46ª. - RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

En conformidade co establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, artigo 225 da Lei 5/1997, de réxime local de Galicia e segundo o artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais vixente, os membros electos da Corporación, percibirán durante o exercicio de 2009 as seguintes retribucións e indemnizacións, segundo se determina seguidamente e o disposto no vixente Regulamento orgánico da deputación e no acordos plenarios do 28 de xullo de 2007.

1.- Retribucións dos membros en réxime de dedicación exclusiva:

Presidente: Non experimentará ningunha variación sobre a contía fixada nos Presupostos Xerais desta deputación para o exercicio 2008.

Vicepresidente (1): Non experimentará ningunha variación sobre a contía fixada nos Presupostos Xerais desta deputación para o exercicio 2008.

Presidentes de Comisións informativas (9): Non experimentará ningunha variación sobre a contía fixada nos Presupostos Xerais desta deputación para o exercicio 2008.

Deputados grupos (3): Non experimentará ningunha variación sobre a contía fixada nos Presupostos Xerais desta deputación para o exercicio 2008.

Voceiros (3): Non experimentará ningunha variación sobre a contía fixada nos Presupostos Xerais desta deputación para o exercicio 2008.

Estas cantidades percibiranse mensualmente na parte que corresponda.

2. - Indemnizacións por preparación de asuntos e asistencia a sesións dos órganos colexiados da Deputación provincial.

Pola preparación de asuntos e concorrencia efectiva ás sesións de órganos de goberno da deputación, os membros da Corporación que non estean acollidos ao réxime de dedicación exclusiva ou parcial, percibirán en concepto de asistencias os seguintes importes, que non teñen ningunha variación con respecto ás do pasado exercicio 2008:

- Sesións plenarias: 622,00 euros.
- Sesións da Xunta de Goberno: 389,00 euros.
- Reunións das Comisións Informativas: 389,00 euros.

Cando coincida no mesmo día máis dunha sesión dos órganos colexiados descritos, terán dereito a percibir unha soa asistencia, tomando en consideración para tal fin, cando así proceda, a de maior importe das realizadas.

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados antes citados dará lugar á percepción dos gastos de locomoción dende a localidade de residencia dos deputados.

Ningún deputado poderá percibir máis de catro asistencias ao mes por reunións das Comisións Informativas, agás as do mes de setembro e aquelas outras que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior.

3. - Asistencia a Mesa de Contratación, Comisións de Traballo ou Tribunais de valoración dependentes desta Corporación.

Todos os membros dos órganos reitores desta Corporación e os que se designen formalmente para formar parte de Comisións de Traballo, Mesa de Contratación ou Tribunais de valoración, percibirán pola súa asistencia ás sesións que se celebren fóra da xornada laboral as cantidades establecidas no anexo IV, categoría primeira do Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas de carácter xeral que as substitúan, cando así se determine expresamente no acordo ou resolución de nomeamento.

Estas percepcións serán compatibles coas retribucións asignadas aos membros da Corporación con réxime de dedicación exclusiva ou parcial, non obstante, os deputados que perciban retribucións en réxime de dedicación exclusiva só percibirán indemnizacións pola asistencia a sesións convocadas e realizadas fóra da xornada laboral.

4. - Indemnizacións por gastos ocasionados por comisións de servizo encomendadas a cargos electos.

En materia de indemnizacións por comisión de servizos rexerá o citado Real decreto e disposicións de desenvolvemento ou normas de carácter xeral que as substitúan coas particularidades seguintes:

a) Por aloxamento e gastos de viaxe en medios de transporte público, aboarase o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente.

b) Por manutención aboarase, así mesmo, o importe dos gastos efectivamente realizados sempre que se xustifiquen axeitadamente mediante facturas expedidas para o efecto. No caso contrario, indemnizarase na contía sinalada para o grupo I do anexo II e III do citado Real decreto, ou polas normas que modifiquen a contía e o réxime destas.

Cando a comisión de servizos de cargos electos inclúa tamén a funcionarios de carreira, persoal laboral ou eventuais, aplicaranse a todos eles o réxime de indemnizacións establecido para os cargos electos.

TÍTULO V. - SUBVENCIÓNS

CAPÍTULO ÚNICO. - NORMAS XERAIS ÁS QUE DEBERÁN AXUSTARSE AS SUBVENCIÓNS QUE OUTORGUE A DEPUTACIÓN DURANTE O EXERCICIO

BASE 47ª. - ÁMBITO DE APLICACIÓN

As presentes normas serán de aplicación a toda clase de axudas e subvencións cuxa xestión corresponda na súa totalidade á Deputación provincial.

Entenderase por axuda e subvención toda disposición gratuíta de fondos provinciais que se outorgue con cargo ao Presuposto Xeral da Deputación provincial a favor de persoas ou entidades públicas ou privadas, para fomentar unha actividade de utilidade ou interese social ou para promover a consecución dun fin público ou que, en xeral, contribúan ao desenvolvemento dos intereses peculiares da provincia.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación destas normas:

Primeiro. - As achegas aos municipios da provincia incluídas nos Plans de cooperación a obras e servizos municipais obxecto de regulación autónoma e de aprobación polo Pleno.

Segundo. - Cando a xestión provincial se refira a axudas ou subvencións outorgadas pola Unión Europea ou por outras Administracións públicas estarase ao disposto nas normas específicas de aplicación e o contido das presentes bases terá carácter supletorio.

Terceiro. - Regularanse polas bases aprobadas para o efecto os premios que se outorguen sen previa solicitude de beneficiario.

Cuarto. - Tamén se regularán polas súas bases específicas as axudas para adquisición de vivenda e as bolsas de estudos que configuran a acción social da deputación a favor do persoal funcionario ou laboral ao seu servizo.

As subvencións destinadas á cooperación internacional ao desenvolvemento regularanse polas normas específicas que resulten de aplicación, de conformidade co establecido na Disposición adicional décima da Lei xeral de subvencións e na Disposición adicional segunda da Lei de subvencións de Galicia. As presentes bases terán, en consecuencia, carácter supletorio na súa aplicación a esta materia.

BASE 48ª. - SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS PARA O EXERCICIO 2009

No exercicio 2009, conforme ao establecido no artigo 22.2.a) da Lei xeral de subvencións, outorgaranse as subvencións nominativas que seguidamente se detallan aos perceptores e polos importes máximos que se indican:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE
0104/330B/489.01	Fondo galego de cooperación e solidariedade	Cota de socio ano 2009	15.000,00
0104/330B/789.01	Solidariedade internacional Galicia	Proxecto de auga potable en Champerico (Guatemala)	30.000,00
0201/121A/489.00	Achega á Federación Española de Municipios e Provincias	Cotas socio ano 2009	90.000,00
0201/121A/489.00	Achega á Federación Galega de Municipios e Provincias	Cotas socio ano 2009	55.000,00
0305/322C/489.01	Cámara de Comercio da Coruña.	Activ. de formación e de promoción emprego na provincia. Ano 2009	100.000,00
0305/322C/489.01	Cámara de Comercio de Ferrol.	Activ. de formación e de promoción emprego na provincia. Ano 2009	100.000,00
0305/322C/489.01	Cámara de Comercio de Santiago.	Activ. de formación e de promoción emprego na provincia. Ano 2009	100.000,00
0305/432C/754.01	Concello de Narón	Convenio IGVS. Xestur e Consellería Industria, ano 2009	120.000,00
0305/446A/489.01	Fundación Santiago Rey Fernández Latorre	Actividades Voz Natura ano 2009	84.140,00
0305/451E/462.01	Concello de Arzúa	Organización Feira agricultura ecolóxica. Ano 2009	60.000,00
0305/451E/450.01	Vicepresidencia para a Igualdade. Xunta de Galicia.	Proxecto Xuventude Galiza-Net. Ano 2009.	20.000,00
0305/463B/462.01	Concello de Camariñas	Organización Mostra de Encaixe. Ano 2009	120.000,00
0305/463B/462.01	Concello Malpica	Feira Olería de Buño. Ano 2009	60.000,00
0305/463B/489.01	Fundación Refuxio de Animais (Canceira de Santiago)	Gastos de funcionamento ano 2009	30.000,00
0305/463B/489.01	Confederación de Empresarios de Ferrolterra CEFEOR	Promoción do tecido empresarial. Actividades ano 2009	90.000,00
0305/463B/489.01	Asociación Equiocio Ferrol	Organización Feira Equiocio Ferrol. Ano 2009	30.000,00
0305/560A/489.01	Asociación Neria	Cota achega socio Programa actividades ano 2009	66.000,00
0305/622B/462.01	Concello de Santiago	Compostela Activa. Promoción do comercio no ámbito municipal	150.000,00
0305/721A/467.01	Consorcio profeiras Ferrol FIMO	Organización FIMO ano 2009	120.000,00
0305/721A/870.00	Consorcio profeiras Ferrol FIMO	Rehabilitación recinto feiral, ano 2009	250.000,00
0305/731A/489.00	Fundación FAEPAC	Programa actividades ano 2009	60.000,00

0305/731C/762.01	Concello de Culleredo	Proxecto enerxías renovables. Ano 2009	400.000,00
0305/751A/450.01	Dirección Xeral Turismo. Xunta de Galicia (Portodemouros)	Actuacións turísticas en Portodemouros. Exercicio 2009	37.116,00
0305/751A/462.01	Concello de Santiago	Plan de competitividade turística. Ano 2009	150.000,00
0305/751A/462.01	Concello da Coruña	Plan de mellora da calidade turística. Ano 2009	150.000,00
0305/751A/489.01	Universidade da Coruña	Practicas máster en dirección e planificación de turismo.	10.000,00
0305/751A/750.01	Dirección Xeral Turismo. Xunta de Galicia (Portodemouros)	Dotación de infraestruturas na ruta turística de Portodemouros. Ano 2009	250.000,00
0305/751A/789.01	Asociación Host. Ferrol-Ortegal-Eume	Financiamento equipamento. Ano 2009	100.000,00
0502/451L/489.00	Fundación Democracia e Goberno Local	Achega cota socio. Ano 2009	10.000,00
0601/321D/421.00	Universidade Nacional de Educación a Distancia	Gastos funcionamento. Ano 2009	200.000,00
0601/451C/462.01	Concello de Boiro	Actividades Centro Arqueolóxico do Barbanza. Ano 2009	30.000,00
0601/451C/462.01	Concello de Muros	Actividades Museo do Pozo do Cachón. Ano 2009	60.000,00
0601/451C/462.01	Concello do Porto do Son	Actv. Centro interpret. Castro Baroña. Ano 2009	30.000,00
0601/451C/462.01	Concello de Culleredo	Actividades museos municipais. Ano 2009	30.000,00
0601/451C/489.00	Padroado do Museo do Pobo Galego	Achega anual socio ano 2009	15.000,00
0601/451C/489.01	Museo da Terra de Melide. Centro de estudos Melidenses	Actividades culturais, ano 2009	15.000,00
0601/451C/789.01	Museo da Terra de Melide	Obras e equipamento, ano 2009	15.000,00
0601/451D/462.01	Concello de Ortigueira	Organización Festival Internacional Mundo Celta. Ano 2009	100.000,00
0601/451D/462.01	Concello de Ferrol	Ciclo de Jazz, gastos ano 2009	28.000,00
0601/451D/467.01	Consorcio para a promoción da música	Actividade Orquestra Sinfónica Galicia, programa actividades ano 2009	1.600.000,00
0601/451D/467.01	Consorcio Audiovisual de Galicia	Gastos de funcionamento. Ano 2009	30.000,00
0601/451D/467.01	Consorcio das Mariñas	Actuacións musicais. Ano 2009	60.000,00
0601/451D/489.01	Amigos de Ópera da Coruña	Actividades promoción da ópera. Ano 2009	65.000,00
0601/451D/489.01	Asoc, cultural música sinfónica no Camiño Santiago	Concertos orquestra sinfónica de Melide, ano 2009	65.600,00
0601/451D/489.01	Auditorio de Galicia	Programa actividades do ano 2009	300.000,00
0601/451D/789.01	Asociación Agrupación Folclórica Ximiela	Investimentos en vestiario e instalacións. Ano 2009	40.000,00
0601/451F/489.01	Universidade Menéndez Pelayo	Cursos de Verán, ano 2009	120.200,00
0601/451H/462.01	Concello de Ferrol	Premio de poesía Esquío, ano 2009	17.000,00
0601/451H/462.01	Concello da Coruña	Actividades Culturais ano 2009	300.000,00
0601/451H/462.01	Concello de Santiago	Gtos. Mant. Centro socio-cultural e xuvenil do ensanche. IV anualidade	180.000,00
0601/451H/489.00	Real Academia Galega	Achega para gastos funcionamento ano 2009	37.000,00
0601/451H/489.01	Asociación Prensa da Coruña	Estudo nome das rúas. Ano 2009	30.000,00
0601/451H/489.01	R.A.G. de Belas Artes Nosa Sra. do Rosario	Programa actividades culturais do ano 2009	10.000,00
0601/451H/489.01	Real Academia Medicina e Cirurxía de Galicia	Cursos de actualización a realizar durante o ano 2009	15.000,00

0601/451H/489.01	Academia Galega de Ciencias MEC	Ciclo de avances da ciencia e tecnoloxía. Ano 2009	13.000,00
0601/451H/489.01	Asoc. Sociopedagóxica Galega	Programas educativos e normalización lingüística, ano 2009	55.000,00
0601/451H/489.01	Seminario de estudos comarcais Costa da Morte	Proxecto "Percorrendo vieiros da Costa dá Morte" ano 2009	30.000,00
0601/451H/762.01	Concello de Ferrol	Obras no centro cultural Torrente Ballester. Ano 2009	100.000,00
0601/451H/789.01	Sociedade Cultural Monte Louro	Obras en instalacións. Ano 2009	40.000,00
0601/451L/450.00	Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais	Gastos funcionamento. Ano 2009	13.210,00
0601/451L/489.00	Fundación Torrente Ballester	Gastos funcionamento, ano 2009	24.040,00
0601/451L/489.00	Fundación Universidade A Coruña	Cota anual ano 2009	1.200,00
0601/451L/489.00	Fundación Galicia Europa	Cota socio ano 2009	27.100,00
0601/451L/489.01	Fundación Galiza Sempre	Actividades culturais ano 2009	60.000,00
0601/451L/489.01	Fundación 10 de marzo	Prox. invest. recuperación e difusión arquivo histórico, mov. sociais. Ano 2009	30.000,00
0601/451L/489.01	Fundación Camilo José Cela	Actividades culturais do ano 2009	36.050,00
0601/451L/489.01	Fundación CIEC (Centro Internacional da Estampa Contemporánea)	Cursos, exposicións e visitas a realizar durante o ano 2009	114.200,00
0601/451L/489.01	Fundación Biblioteca Casa do Real Consulado	Catalogación e informatización de fondos ano 2009	12.020,00
0601/451L/489.01	Fundación Eugenio Granell	Actividades culturais ano 2009	24.000,00
0601/451L/489.01	Fundación Paideia-Galicia	Promoción de bandas de música, corais e grupos de cámara. Ano 2009	34.800,00
0601/451L/489.01	Fundación Wenceslao Fernández Flórez	Actividades culturais na Coruña, ano 2009	18.000,00
0601/451L/489.01	Fundación Luís Seoane	Actividades e exposicións na Coruña, ano 2009	45.000,00
0601/451L/489.01	Fundación Luís Tilve	5ª fase prox. invest., recup., conserv. e difusión arquivo hist. UXT. Ano 2009	30.000,00
0601/451L/489.01	Fundación Ortegalia	Actividades culturais, na provincia, ano 2009	100.000,00
0601/451L/489.01	Fundación iniciativas 21	Exposicións, talleres, conferencias, etc. Ano 2009	60.000,00
0601/451L/489.01	Fundación Rosalía de Castro	Programa actividades ano 2009	30.050,00
0601/451L/789.01	Fundación CIEC (Centro Internacional da Estampa Contemporánea)	Obras e equipamento sede, ano 2009	18.000,00
0601/454B/489.01	Arcebispado de Santiago de Compostela	III Fase publicación do inventario dos arquivos parroquiais. Ano 2009	84.000,00
0701/313M/489.01	Asociación Comité Antisida "Casco"	Mantemento piso acollida, ano 2009	30.000,00
0701/313M/489.01	Fundación Paideia Galicia	Proxecto voluntariado europeo e suramericano, ano 2009	27.000,00
0701/313M/489.01	Asociación Autismo de Galicia	Proxecto implantación novas tecnoloxías ano 2009	62.000,00
0701/313M/789.01	Fundación ADCOR	Construción residencia e centro de día na Coruña ano 2009	150.000,00
0701/313M/789.01	Asociación pro enfermos mentais (APEM)	Rehabilitación do centro Los Chopos. Ano 2009	100.000,00
0701/313M/789.01	Fundación Monte do Gozo	Constr. Polidep. en centro terapéutico Cernadas. Val do Dubra. P.H ano. 2009	100.000,00
0701/313M/789.01	Asociación Compostelana de esclerose Múltiple (ACEM)	Construción dun centro de día en Santiago. Ano 2009	200.000,00
		TOTAL SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS	7.918.726,00

A tramitación dos expedientes de gasto relativos ás subvencións nominativas detalladas nesta base e as que poidan reflectirse en expedientes de modificación de créditos aprobados polo Pleno e tramitados durante a vixencia do presuposto de 2009, non requirirán novo acordo do Pleno da Corporación, correspondendo a súa resolución ao presidente.

Con carácter xeral, os importes indicados na relación anterior non deben superar o 80 por 100 do custo da actividade ou proxecto subvencionado. Exceptúanse do disposto anteriormente as subvencións nominativas que teñen o carácter de cota de socio e aquelas nas que o Pleno, por razóns de excepcional interese público, expresamente motivadas e acreditadas, acorde o financiamento do custo total da actividade ou proxecto subvencionado. En ningún caso o importe da subvención provincial poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou achegas ou recursos de entidades privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

Se o importe da subvención provincial é superior a 60.000,00 euros, a contratación con terceiros para a execución total ou parcial das actividades ou investimentos realizarase conforme ás normas de aplicación á contratación das Administracións públicas, utilizando para tal fin os pregos de condicións xerais da Deputación provincial para o concurso ou poxa, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

Se o importe da subvención provincial é superior ao 80 por 100 do custo total da actividade ou o investimento ascende a un importe superior a 60.000,00 €, a contratación oportuna realizarase mediante convocatoria pública e conforme a un único criterio (o prezo) ou multiplicidade de criterios obxectivos axeitadamente ponderados, coa participación dun funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación que formará parte da Comisión Técnica que avalíe as ofertas dos licitadores. Tamén poderán utilizarse os criterios e o prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

Exceptúanse das normas contidas nos dous apartados precedentes as subvencións nas que o beneficiario sexa unha Administración pública.

As achegas provinciais faranse efectivas logo de xustificación documental de realización de actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:

a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía abonda polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles xuros moratorios, agás as entidades exentas por Lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa entidade provincial, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pagamento anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade e transcorrendo o prazo de xustificación previsto, non se achegase a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

d) En todo caso, o beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria co título "Fondos para atender á actividade..." Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberáselle remitir á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

Resultarán de aplicación ás subvencións nominativas consideradas na presente base, distintas das cotas de socio, as seguintes normas xerais:

- Os convenios que se tramiten para a súa materialización deben conter, coa debida adecuación, os puntos contidos no apartado 3 da Base 49, no apartado 2º da Base 50, na Base 54, no apartado 2º da Base 56, nas Bases 57, 58, 59 e 60 das de Execución do Presuposto provincial.
- En todo caso deberán conter as seguintes previsións:
  - Corresponderalle ao presidente da Corporación, logo de informe de servizos provinciais competentes, valorar o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.
  - Se non se xustifica totalmente o presuposto subvencionable, pero está acreditado que a finalidade básica da subvención foi cumprida, o importe inicialmente concedido reducirase mediante a aplicación do coeficiente de financiamento sobre o importe de gasto efectivamente xustificado.
  - Entenderase que a finalidade básica da subvención foi cumprida, se o gasto xustificado ascende, polo menos, ao 75 por 100 do presuposto inicialmente previsto. Se o gasto xustificado é inferior á devandita porcentaxe, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida polo que non se aboará cantidade ningunha sen prexuízo das posibles sancións ou reintegros que resulten de aplicación.
  - As subvencións nominativas terán carácter anual e non xerarán ningún dereito adquirido polo perceptor para exercicios posteriores. Só en circunstancias excepcionais, e por acordo plenario debidamente motivado, de conformidade co establecido no artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderán adoptarse compromisos de gasto por subvencións nominativas de carácter plurianual, logo da acreditación de carácter plurianual de actividade ou investimento obxecto de subvención para cuxo efecto o expediente tramitado conterá un programa anual en que se detallen e cuantifiquen as tarefas, actividades ou investimentos a realizar en cada exercicio presupostario de imputación. En todo caso deberán tomar en consideración as disposicións contidas no artigo 57 do regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
  - Cando o beneficiario da subvención provincial sexa unha Administración pública, a presentación de declaración responsable con carácter previo á sinatura do convenio oportuno e ás propostas de pagamento correspondentes substituirá ás certificacións de cumprimento das obrigas tributarias, coa administración do Estado, coa Seguridade Social, e coa Comunidade Autónoma de Galicia. A circunstancia de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Deputación Provincial da Coruña determinarase de oficio, a través do Servizo de Recadación Provincial

BASE 49ª. - NORMAS APLICABLES ÁS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS NON INCLUÍDAS EXPRESAMENTE NO PRESUPOSTO INICIAL DO EXERCICIO 2009

As subvencións nominativas non consideradas na base anterior, que poidan outorgarse durante o exercicio 2009, regularanse polas normas singulares contidas nos convenios subscritos para o efecto ou nos acordos plenarios que as aproben e, en todo caso, ateranse ás seguintes normas comúns:

1ª. - Correspóndelle ao Pleno Corporativo adoptar os acordos que impliquen directa ou indirectamente o outorgamento de subvencións provinciais de carácter nominativo a outros entes públicos ou a entidades privadas sen ánimo de lucro, calquera que sexa a forma a través da cal se instrumenten (convenio, acordo singular, cotas de socio e outras).

2ª. - Para estes efectos entenderase por subvención nominativa aquela que se outorgue excepcional e motivadamente a un ente público ou a unha entidade privada sen ánimo de lucro por razóns tan singulares de interese público que non permitan ou non fagan conveniente a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia. No expediente administrativo incorporarase "unha memoria do órgano xestor das subvencións, competente por razón da materia, xustificativa do carácter singular das subvencións, das razóns que acreditan o interese público social, económico ou humanitario, ou outras que xustifican a dificultade da súa convocatoria" (artigo 67.3 a. do regulamento da Lei xeral de subvencións).

3ª. - O acordo de concesión ou o convenio subscrito para o efecto deberá concretar, entre outros puntos, os seguintes elementos:

a) Obxecto e finalidade concreta da subvención.

b) Presuposto detallado de ingresos e gastos da actividade a que se destina, se proceder.

c) Importe da achega provincial e porcentaxe que represente sobre o total da actividade obxecto de fomento, no seu caso. O devandito importe non poderá superar en ningún caso o 80 por 100 do presuposto total de gastos da actividade de que se trate, a non ser que o Pleno da Corporación, por motivos excepcionais de interese público, acorde motivadamente que se financie o custo total da actividade subvencionada. En ningún caso o importe da subvención provincial poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

d) Medios mediante os que os beneficiarios han de dar publicidade á subvención concedida pola Excma. Deputación provincial (folletos, carteis informativos, placas conmemorativas,...) e forma de acreditar o cumprimento da obriga de información citada con motivo da xustificación da realización da actividade.

e) Forma e prazo de realización das actividades ou investimentos, forma e prazo da xustificación documental, prazo e condicións para acreditar a súa realización e consecuencias asociadas ao incumprimento total ou parcial e cada un dos prazos indicados.
Os beneficiarios das subvencións provinciais deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias,...) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiques de aparcamento, etc.).

f) Forma e requisitos para o pagamento da subvención.

g) Infraccións no caso de incumprimento das bases e as súas correspondentes sancións.

h) O sometemento do beneficiario aos procedementos de control ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención provincial, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

i) Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.

j) Información aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións, contemplando o dereito dos interesados á protección de datos de carácter persoal.

K) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade.

m) Vixencia temporal.

n) Normativa a considerar sobre os aspectos non contemplados no acordo ou convenio correspondente.

4ª. - No caso de que tales puntos non estivesen determinados expresamente terase en conta o seguinte réxime:

a') Entenderase que o obxecto e finalidade da subvención provincial é a actividade ordinaria do ente público ou privado, sen ánimo de lucro, destinatario da subvención.

b') Tomarase en consideración o presuposto por operacións correntes da entidade.

c') Para determinar o coeficiente de financiamento porase en relación o importe da subvención outorgada e o presuposto da actividade obxecto desta, ou, no seu defecto, o presuposto por operacións correntes da entidade.

d') Cando se trate de cotas de socio, a subvención de cada exercicio xustificarase coa liquidación do presuposto, balance e conta de resultados do exercicio inmediato anterior e coa achega do presuposto do exercicio.

e') Se a subvención outorgada tivese carácter finalista específico deberá acreditarse o cumprimento da actividade e xustificación documental do seu custo.

- Corresponderalle ao presidente da Corporación, logo de informe de servizos provinciais competentes, valorar o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.
- Se non se xustifica totalmente o presuposto subvencionable, pero está acreditado que a finalidade básica da subvención foi cumprida, o importe inicialmente concedido reducirase mediante a aplicación do coeficiente de financiamento sobre o importe de gasto efectivamente xustificado.
- Entenderase que a finalidade básica da subvención foi cumprida, se o gasto xustificado ascende, polo menos, ao 75 por 100 do presuposto inicialmente previsto. Se o gasto xustificado é inferior á devandita porcentaxe, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida polo que non se aboará cantidade ningunha sen prexuízo das posibles sancións ou reintegros que resulten de aplicación.

f') Se non estivese especificada a forma de pagamento, o presidente da Corporación poderá determinala. Noutro caso a subvención provincial aboarase por trimestres vencidos.

g') Con carácter xeral as subvencións nominativas terán carácter anual e non xerarán ningún dereito adquirido polo perceptor para exercicios posteriores. Só en circunstancias excepcionais, e por acordo plenario debidamente motivado, de conformidade co establecido no artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, poderán adoptarse compromisos de gasto por subvencións nominativas de carácter plurianual, logo de acreditación de carácter plurianual de actividade ou investimento obxecto de subvención a cuxo efecto o expediente tramitado conterá un programa anual en que se detallen e cuantifiquen as tarefas, actividades ou investimentos a realizar en cada exercicio presupostario de imputación. En todo caso deberán tomar en consideración as disposicións contidas no artigo 57 do regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

5ª. - Non obstante o disposto nos apartados precedentes, autorízaselle ao presidente da Corporación a outorgar subvencións nominativas a entes públicos ou privados sen ánimo de lucro, nacionais ou estranxeiros, conforme ás condicións que seguidamente se expresan:

a") Só se inclúen neste apartado as subvencións imputables á partida 0103/111C/489.01 "outras transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro. Presidencia e Relacións Públicas" do Presuposto provincial.

b") Iniciarase de oficio ou a instancia de parte un expediente no que se acrediten as razóns de interese público, urxencia e excepcionalidade que motivan a concesión proposta e se concrete o obxecto, finalidade, forma de acreditación e forma de pagamento. O devandito expediente será obxecto de fiscalización polos Servizos da Intervención provincial, co fin de acreditar a concorrencia das circunstancias expresadas na presente base e a existencia de crédito dispoñible e suficiente na partida presupostaria de imputación.

c") O importe individual das axudas propostas non pode ser superior a 1.202,00 euros por entidade e o total das que se outorguen no exercicio 2009 non pode exceder de 12.020,00 euros.

6º) En todo caso deberán cumprirse os límites e cumprirse as condicións establecidas na Base 48ª de execución do Presuposto provincial.

7º) Resultará de aplicación ás subvencións nominativas que se tramiten durante o exercicio 2009 as normas xerais enumeradas no último parágrafo da Base 48.

BASE 50ª. - BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

1º. - As subvencións non nominativas outorgaranse baixo os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación e transparencia.

A aprobación das bases que regulen as convocatorias de subvencións corresponderalle ao presidente da deputación e realizaranse preferentemente dentro do primeiro trimestre de cada exercicio económico.

No expediente administrativo incorporarase unha memoria explicativa dos obxectivos que se pretenden conseguir e do importe global da subvención a outorgar. Este documento ha de cumprir coas esixencias de programación previstas no artigo 8 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e os artigos 10 e seguintes do Regulamento que a desenvolve (R.D: 887/2006, do 21 de xullo), ou polo menos, fará referencia aos programas de subvencións aprobados para a mesma finalidade por outras administracións públicas, á compatibilidade ou incompatibilidade da subvención provincial coas outorgadas por outras administracións públicas e ás medidas de coordinación previstas. No informe-proposta da unidade xestora determinarase a denominación, importe máximo a outorgar e a aplicación presupostaria do correspondente programa.

As bases de convocatoria tamén poderán ser obxecto de aprobación anticipada, en cuxo caso se requirirá que o proxecto de presuposto para o exercicio seguinte estea ditaminado favorablemente pola Comisión de Economía e Facenda, supeditándose a eficacia do acto da convocatoria á condición suspensiva da entrada en vigor do Presuposto da deputación do exercicio 2009 no que se conteñan os créditos axeitados e suficientes para atender as solicitudes que ao seu amparo se presenten.

De acordo co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia presupostaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada.

Unha vez aprobadas as bases serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina de internet da deputación.

2º. - As bases de cada convocatoria de subvencións determinarán con claridade:

1. - Definición precisa do obxecto da subvención.
2. - Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención, prazo e forma de acreditalos.
3. - Persoas físicas ou xurídicas que poden solicitar as axudas.
4. - Forma e prazos de solicitude, con indicación da documentación a achegar polos solicitantes.

5. - Criterios, debidamente ponderados, a utilizar para a determinación do importe absoluto das subvencións a outorgar a cada solicitante, do coeficiente de financiamento correspondente e do presuposto subvencionado. Avaliarase en todo caso, ou xustificarase motivadamente a imposibilidade da devandita avaliación, o emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicite a axuda (Art. 20.2 l. da Lei de subvencións de Galicia)

6. - Indicación do Servizo ou unidade administrativa que actuará como instrutor do expediente, composición da Comisión Avaliadora, se é o caso, e determinación do órgano competente para resolver.

7. - Resolución das solicitudes. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución de outorgamento ou desestimación das solicitudes non poderá exceder de 6 meses nos termos establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e nos artigos 62 e 63 do seu regulamento.

   A devandita resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as Bases reguladoras da subvención e deberá conter a relación de solicitantes aos que se concede a subvención, e fará constar, se é o caso, de xeito expreso, a desestimación do resto das solicitudes. En todo caso expresarase o beneficiario, o importe da subvención outorgada, o presuposto subvencionado, o coeficiente de financiamento e a finalidade ou investimento que constitúe o obxectivo concreto da subvención outorgada e demais referencias relevantes.

   O vencemento do prazo máximo para resolver sen notificarse a resolución, permitiralles aos interesados entender desestimada a solicitude de concesión da subvención por silencio administrativo.

   Nas bases de convocatoria expresarase tamén o medio de notificación ou publicación de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8. - Cando estea previsto o financiamento de obras, regularase a forma en que ha de xustificarse o cumprimento da legalidade vixente en materia de ordenación urbanística, protección do medio e respecto ao patrimonio histórico-artístico, así como a acreditación da propiedade ou dereito real que se teña sobre o ben inmoble e as condicións temporais e materiais de adscrición do ben moble ou inmoble á fin de interese xeral que motiva a subvención, así como a obriga da súa inscrición no rexistro público correspondente, facendo constar a devandita condición.

9. - Medios mediante os que os beneficiarios han de dar publicidade á subvención concedida pola Excma. Deputación provincial (folletos, carteis informativos, placas conmemorativas,...) e forma de acreditar o cumprimento da obriga de información citada con motivo da xustificación da realización da actividade.

10. - Forma e prazo de realización das actividades ou investimentos, prazo e condicións para acreditar a súa realización mediante a xustificación documental oportuna e consecuencias asociadas ao incumprimento total ou parcial de cada un dos prazos indicados.

    Os beneficiarios das subvencións provinciais deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias,...) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiques de aparcamento, etc.).

11. - Con independencia dos libros e rexistros contables que as normas de carácter xeral poidan establecer os beneficiarios de subvencións provinciais como consecuencia da súa forma xurídica (asociación, fundación, federación, cámaras de comercio, sindicatos, etc.) estes deberán contar en todo caso, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos que inclúa, debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade ou investimento obxecto de financiamento pola Deputación Provincial da Coruña, que terá os efectos previstos no artigo 17.3.h) da Lei xeral de subvencións e no artigo 11.f) e g) da Lei de subvencións de Galicia.

12. - Forma e requisitos para o pagamento da subvención.

13. - Infraccións en caso de incumprimento das bases e as súas correspondentes sancións.

14. - O sometemento do beneficiario aos procedementos de control ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención Provincial,o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

15. - Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.

16. - Información aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións e da publicidade posterior que se dará ás subvencións outorgadas (publicidade no Boletín Oficial da Provincia, información na páxina de internet da deputación, base de datos nacional de subvencións, etc.) conforme ao previsto nas normas de xeral aplicación e no apartado 4º da Base 56ª de Execución do Presuposto provincial.

17. - Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade.

3º. - As bases sinaladas no parágrafo anterior serán redactadas polos responsables da xestión dos distintos programas presupostarios e previamente á súa aprobación seranlles remitidas á Secretaria Xeral e á Intervención provincial para que emitan os seus preceptivos informes.

BASE 51ª. - CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

1º. - O procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva iniciarase sempre de oficio, mediante convocatoria aprobada polo presidente da Corporación que terá necesariamente o seguinte contido:

a) Indicación da disposición que estableza, se é o caso, as bases reguladoras e do Boletín Oficial da Provincia en que está publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.

b) Créditos presupostarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.

c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.

d) Expresión do réxime en que se efectuará a concesión.

e) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditalos.

f) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

g) Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contempladas nos apartados 3, 4 e 5 do artigo 20 da Lei de subvencións de Galicia.

h) Prazo de resolución e notificación ou publicación.

i) Documentación e información que deben achegarse á petición.

j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei de subvencións de Galicia.

k) Indicación do órgano instrutor, avaliador e de resolución das solicitudes con información se a resolución pon fin á vía administrativa e, no caso contrario, órgano perante o que se interporá o recurso administrativo ou xurisdicional correspondente.

l) Criterios de valoración das solicitudes, no seu caso. Avaliarase, en todo caso, o emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda ou xustificarase motivadamente a imposibilidade de tal avaliación.

m) Prazo, forma e requisitos para a realización da actividade ou investimento obxecto da subvención e consecuencias asociadas ao seu incumprimento.

n) Prazo, forma, requisitos e condicións para a xustificación formal da realización da actividade ou investimento e para a auditación dos compromisos do beneficiario, e consecuencias asociadas ao seu incumprimento.

o) Medio de notificación ou publicación de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2º. - As convocatorias de subvencións especificarán a finalidade e obxecto destas, que necesariamente deberá de coincidir coa finalidade atribuída aos créditos presupostarios que as amparen.

A finalidade das axudas determinarase expresando os propósitos xerais que se pretendan conseguir con aquela.

O obxecto das axudas determinarase expresando as actividades ás que poidan destinarse os fondos públicos concedidos co presuposto detallado de cada unha delas.

3º. - As actividades obxecto de subvención deberán de ser, en todo caso, aquelas que complementen ou suplan as competencias da Deputación provincial ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses peculiares da provincia. Co fin de asegurar que existe unha iniciativa privada que merece a acción de fomento da deputación, o importe da subvención nunca poderá superar o 80 por 100 do custo da actividade ou proxecto subvencionado.

4º. - As subvencións que se concedan non poderán aplicarse a finalidades distintas daquelas para as que foron outorgadas. O obxecto concreto das axudas ou subvencións aprobadas só poderá modificarse logo de solicitude expresa do interesado e a través de resolución motivada do órgano competente, que deberá tomar en consideración os criterios de valoración contidos nas bases da convocatoria, o coeficiente de financiamento asignado e o importe do presuposto subvencionado.

5º. - Poderá simultanearase a aprobación e publicación das bases e da convocatoria de subvencións provinciais. En todo caso deberán publicarse ambas as dúas no Boletín Oficial da Provincia e na páxina de internet da deputación.

BASE 52ª. - BENEFICIARIOS DAS SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

1º. - Poderán solicitar e seren beneficiarios das axudas convocadas pola deputación as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, e entidades colectivas que reúnan os requisitos esixidos nas bases de cada convocatoria e se adecúen á súa finalidade.

2º. - Os solicitantes deberán acreditar, no momento de formular a súa solicitude, a súa condición de interesado achegando:

1. En caso de ser persoa física, fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal e o documento nacional de identidade.
2. En caso de ser persoa xurídica ou entidade colectiva, fotocopias compulsadas do CIF e dos estatutos polos que se rexe, en caso de que estes non consten nas dependencias provinciais, e acreditación de inscribir estas nos rexistros públicos correspondentes (asociacións, fundacións, entidades deportivas, comunidades galegas, organizacións non gobernamentais, confrarías, cooperativas, colexios profesionais, etc.) e certificación acreditativa de acordo de solicitude e nomeamento de representante para as súas relacións coa deputación.
3. Se se trata dunha entidade local, será suficiente a certificación acreditativa da resolución ou do acordo de solicitude do órgano municipal competente.
4. -Cando se prevexa expresamente nas bases reguladoras, poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

   Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes de abondo para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

3º. -Requisitos para obter a condición de beneficiario: Para obter a condición de beneficiarios os solicitantes deberán acreditar que reúnen os requisitos e condicións establecidos no ordenamento vixente e, en particular, no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, nos artigos 18 e seguintes do regulamento da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

4º. - Os beneficiarios deberán cumprir as obrigas establecidas nas normas de aplicación xeral contidas nas bases de cada convocatoria e particularmente, as consideradas no artigo 14 da Lei xeral de subvencións e no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e nas presentes bases de execución.

BASE 53ª. - TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES E CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

1º. - Solicitude

As solicitudes de subvención formalizaranse en impresos oficiais facilitados aos interesados pola Deputación provincial e presentaranse no seu rexistro xeral debidamente cumpridos. Tamén poderá admitirse a presentación de solicitudes por medios telemáticos, en cuxos casos deberán indicarse nas bases e nas convocatorias os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións establecidas nas bases da convocatoria.

2º. - Prazo de presentación

As bases de cada convocatoria sinalarán o prazo durante o cal se poidan presentar solicitudes, que non poderá ser inferior a un mes a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, salvo que por razón motivada, nas bases da convocatoria se estableza outro distinto.

Non obstante as bases da convocatoria poderán establecer as condicións de posibles convocatorias abertas, co contido e requisitos establecidos no artigo 59 do regulamento da Lei xeral de subvencións.

3º. - Documentación

Os impresos de solicitude deberán reflectir, como mínimo, os seguintes datos:

1. - Identificación do programa.
2. - Identificación do solicitante: nome ou razón social, NIF ou CIF, domicilio social, domicilio para os efectos de notificacións, etc.
3. - Identificación do representante: nome e apelidos, NIF, domicilio para os efectos de notificacións, etc.
4. - Presuposto detallado de gastos e expresión de todas as axudas públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras solicitadas ou obtidas para a mesma finalidade.
5. - Contía da subvención e do coeficiente de financiamento solicitados.

Á solicitude deberá acompañar a seguinte documentación:

a) Os documentos acreditativos da personalidade do solicitante ou do seu representante nos termos previstos no apartado 2º) da base anterior.

b) Datos bancarios relativos á entidade, nº de conta e titular, que permitan facer efectivo o importe da subvención mediante transferencia, no suposto de que esta sexa concedida. Os datos citados reflectiranse en impreso asinado e selado pola entidade financeira.

c) Declaración de non estar en ningún dos supostos de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvencións ou axudas públicas.

d) Memoria que fará mención ao historial do solicitante, ás persoas beneficiadas directa e indirectamente pola axuda, as actividades ou investimentos a realizar e o seu calendario.

e) No caso de realización de obras ou investimentos en xeral deberá incorporarse a documentación necesaria para identificar correctamente a obra ou adquisición a realizar e o compromiso de obter as licenzas e autorizacións que resulten preceptivas, para os efectos de cumprimento da legalidade urbanística, o respecto ao patrimonio histórico-artístico e a protección do medio, e acreditación da propiedade ou dereito real que se teña sobre o ben inmoble.

f) Declaración doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.

g) Acreditación, mediante declaración responsable, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e autorización á deputación para que poida obter a certificación correspondente con carácter previo ao pagamento da subvención. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente a devandita autorización, debendo achegar entón a certificación nos termos previstos nos artigos 18 a 29 do regulamento da Lei xeral de subvencións.

4º. - Criterios de valoración.

Para a determinación da contía de cada unha das axudas a conceder especificaranse nas bases da convocatoria os criterios de valoración destas, ponderados axeitadamente todos, ou algún dos seguintes factores:

1º. - Interese das actividades.

2º. - Porcentaxe de achega da entidade ao presuposto total da actividade. (Coeficiente de financiamento proposto)

3º. - Número de beneficiados, directa ou indirectamente.

4º. - Historial do solicitante e experiencia na xestión de subvencións provinciais.

5º. - Outras circunstancias previstas expresamente nas bases da convocatoria.

6º. - Avaliarase en todo caso, ou xustificarase motivadamente a imposibilidade da súa avaliación, o emprego de lingua galega en realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda.

As bases da convocatoria poderán establecer as contías mínimas e máximas das subvencións que poidan concederse.

Os beneficiarios de subvencións provinciais virán obrigados a poñer en coñecemento da deputación a concesión doutras axudas de organismos públicos para a mesma finalidade.

En ningún caso o importe da axuda provincial concedida poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

A contía global incluída na correspondente aplicación presupostaria condicionará a cantidade total das axudas e subvencións que se poidan conceder con cargo a esta.

5º. - Informes e resolución

As solicitudes de subvencións darán lugar a un informe-proposta subscrito polos responsables das unidades administrativas encargados da súa tramitación que porá de manifesto se os solicitantes reúnen as condicións para seren beneficiarios, se a documentación achegada é adecuada e suficiente conforme ás bases da convocatoria, a avaliación das solicitudes conforme aos criterios contidos nas bases para a súa consideración por a Comisión Avaliadora a que se refire o artigo 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e o artigo 21.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a porcentaxe de financiamento da actividade subvencionada, o presuposto subvencionado e os puntos a que se refire o apartado 5 do artigo 24 da Lei xeral de subvencións. O informe-proposta anterior someterase ao preceptivo informe de fiscalización pola Intervención provincial.

Unha vez fiscalizado o informe-proposta, a comisión avaliadora proporá motivadamente a resolución oportuna de outorgamento e/ou desestimación das solicitudes de subvención tramitadas.

Correspóndelle á Presidencia mediante resolución motivada, que será notificada a todos os solicitantes, resolver o outorgamento ou denegación das subvencións provinciais, para os efectos de posibles recursos. A devandita resolución expresará o obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente e o presuposto subvencionado que deberá xustificar o beneficiario. Por razóns de economía, celeridade e eficacia no procedemento administrativo, as bases de convocatoria poden establecer que a reformulación das solicitudes a que se refire o artigo 27 da Lei xeral de subvencións e o artigo 61 do seu regulamento de desenvolvemento, poida ser automática, de modo que se o importe da subvención outorgada é inferior ao

solicitado polo beneficiario, o presuposto subvencionado que debe ser obxecto de xustificación posterior determinarase dividindo a contía da subvención outorgada polo coeficiente de financiamento proposto polo beneficiario na súa solicitude.

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do beneficiario desta e o correlativo compromiso para a deputación que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma, se xustifica o gasto realizado na forma e prazos previstos nas bases da convocatoria e se acredita a realización dos compromisos que corresponden ao beneficiario (publicidade da subvención recibida, inscrición nos rexistros públicos oportunos, etc.)

A firmeza daquelas subvencións que poidan incorrer nalgún dos supostos regulados nos artigos 87 a 89 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea (versión consolidada), quedarán condicionadas á preceptiva autorización da Comisión Europea.

BASE 54ª. - REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES OU INVESTIMENTOS SUBVENCIONADOS E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

1º. - As bases da convocatoria determinarán expresa e separadamente o prazo e condicións para a realización das actividades ou investimentos subvencionados e o prazo e forma de xustificación do cumprimento das condicións da subvención, e especificarán as consecuencias asociadas ao incumprimento total ou parcial de ambos os dous prazos.

2º. - O cumprimento das finalidades que motivaron o outorgamento das subvencións, xustificarase achegando a correspondente documentación que acredite a realización do obxecto da subvención nos seguintes termos:

a) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos correntes, xustificaranse mediante unha conta xustificativa que conteña a seguinte información:

1) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue conforme a un presuposto estimado, indicaranse as desviacións acaecidas.

3) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

4) Facturas orixinais de gasto ou fotocopias debidamente compulsadas (coa dilixencia a que se refire o último parágrafo da presente base).

Cando o beneficiario da subvención sexa unha entidade pública, poderá xustificarse o importe gastado e os ingresos obtidos, mediante a expedición dunha certificación detallada de todos os ingresos e gastos, con expresión individualizada dos perceptores e os seus datos fiscais, dos conceptos e dos importes totais (se hai IVE soportado deducible pola entidade, non poderá incluírse este concepto). Ás entidades privadas non se lles admitirá esta forma de xustificación, a non ser que a certificación a expida un auditor de contas externo inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas pertencente ao Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

Naqueles supostos en que a natureza da actividade subvencionada e os gastos correntes que xere o fagan aconsellable, poderanse fixar outros medios de xustificación que acrediten, en todo caso, a realización da actividade obxecto de subvención e os gastos e ingresos xerados. Os medios de xustificación deberán ser concretados nas bases da convocatoria, mediante algún dos sistemas dispostos nos artigos 69 a 82 do regulamento da Lei xeral de subvencións.

b) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos de investimento, xustificaranse achegando unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención (licenzas preceptivas, publicidade do financiamento provincial, realización dos investimentos conforme ás normas contractuais de aplicación,...) con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos detallando os ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia, e, ademais, achegarán a seguinte documentación:

1. - Adquisición de bens de equipo.
   - Factura orixinal ou fotocopia compulsada.
   - Acta de recepción.
   - Acreditación do acordo de aprobación da factura polo órgano competente da entidade beneficiaria.
   - Se o importe do equipo supera os 18.000,00 € deberá achegarse unha valoración pericial do ben adquirido subscrito por técnico colexiado independente.
2. - Adquisición de bens inmobles.
   - Fotocopia compulsada de escritura pública e xustificante de satisfacer os impostos correspondentes.
   - Inscrición no Rexistro da Propiedade do financiamento obtido e da adscrición do ben á finalidade para a que a subvención foi concedida polo prazo que se estableza nas bases, que non poderá ser inferior a cinco anos.
   - Se o importe do ben supera os 18.000,00 € deberá achegarse unha valoración pericial do ben adquirido subscrito por técnico colexiado independente.
3. - Execución de obras.
   - Certificación de obra subscrita por técnico colexiado competente, relación valorada., factura, acta de recepción e certificado da aprobación polo órgano competente da entidade beneficiaria da subvención.
   - Se as obras as executa a administración, na certificación de obra concretarase exclusivamente o importe da execución material, (non poderá incorporar, polo tanto, nin gastos xerais nin beneficio industrial nin o imposto sobre o valor engadido), non obstante, poderá ser substituída esta por facturas orixinais ou compulsadas expedidas polos distintos provedores.
   - Se as obras se executan por contratista adxudicatario, á certificación de obra que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE, acompañarase factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista e certificado da aprobación polo órgano competente da entidade. O importe do IVE só será gasto subvencionable se non ten o carácter de deducible para o beneficiario.
   - Coa última certificación de obra acompañarase a acta de recepción e, se procede, a acreditación da inscrición no Rexistro da Propiedade do ben inmoble con especificación do financiamento obtido e da adscrición do ben á finalidade para a que foi concedida a subvención, polo prazo que establezan as bases, que non poderá ser inferior a cinco anos.

Cando o beneficiario da subvención sexa unha entidade pública, poderá xustificarse o importe gastado e os ingresos obtidos mediante a expedición dunha certificación detallada de todos os ingresos e gastos, con expresión individualizada dos perceptores e os seus datos fiscais, dos conceptos e dos importes totais (se hai IVE soportado deducible pola entidade, non poderá incluírse este concepto). Ás entidades privadas non se lles admitirá esta forma de xustificación, a non ser que a certificación a expida un auditor de contas externo inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas pertencente ao Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

Naqueles supostos en que a natureza do investimento subvencionado e os gastos de capital que xere o fagan aconsellable, poderanse fixar outros medios de xustificación que acrediten, en todo caso, a realización da actividade obxecto de subvención e os gastos e ingresos xerados. Os medios de xustificación deberán ser concretados nas bases da convocatoria, mediante algún dos sistemas previstos nos artigos 69 a 82 do regulamento da Lei xeral de subvencións.

3º. - Tamén deberá acreditarse, con motivo da xustificación da actividade realizada, o cumprimento de todos os compromisos adquiridos polo beneficiario: publicidade do financiamento provincial, licenzas ou autorizacións preceptivas, subcontratación cos requisitos establecidos nas bases, no artigo 29 da Lei xeral de subvencións e no artigo 68 do seu regulamento de desenvolvemento, acreditación de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, se procede, inscrición dos bens no rexistro público correspondente, etc.

4º. - Con carácter xeral o prazo para a realización da actividade ou investimento non poderá ser superior a 8 meses e o prazo para a presentación de xustificantes non poderá ser superior a nove meses, contados dende a data en que se comunicase oficialmente a concesión da subvención; non obstante, as bases das convocatorias específicas poderán establecer os prazos de realización da actividade e de xustificación singulares que procedan por razón das actividades subvencionadas. Así mesmo, nas bases de convocatoria especificaranse os supostos nos que a Presidencia poderá ampliar os citados prazos por solicitude do interesado ou a proposta razoada da unidade xestora. En todo caso a data límite para a presentación dos xustificantes oportunos non poderá exceder do 31 de outubro do exercicio seguinte ao da concesión da subvención.

O beneficiario da subvención acompañará aos xustificantes declaración de cumprir o obxecto da subvención no prazo previsto e relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas, ou de entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para idéntica finalidade, ou no seu caso, a declaración de non obter outras subvencións para a mesma finalidade, a acreditación de dar a publicidade prevista nas bases ao financiamento provincial da actividade ou investimento realizado ou a restante documentación preceptiva.

5º. - O órgano competente valorará, baseándose nos xustificantes presentados, o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.

Se se acredita no expediente que a finalidade básica da subvención foi cumprida, a unidade xestora deberá propoñer o importe de subvención que efectivamente corresponda, aplicando o coeficiente de financiamento ao importe dos gastos xustificados.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e pagamento desta, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior ao presuposto subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100%, pero superior ao 50% do presuposto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do presuposto subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador previsto nas normas de xeneral aplicación.

6º. - Vencidos os prazos e prórrogas sinalados no apartado 2º sen que o beneficiario da subvención xustificara o cumprimento da finalidade que motivou o seu outorgamento, a unidade xestora requirirao para que no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional levará consigo a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme á tipificación prevista na Lei de subvencións e a graduación contida nestas bases, lle correspondan.

O atraso na realización da actividade levará consigo unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se tal atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de 3 meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

Se o atraso no cumprimento do prazo de xustificación non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 euros. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo que suporá o 30% do importe da subvención sen que poida superar o importe total de 900 euros.

O incumprimento reiterado, polo mesmo beneficiario, en distintas convocatorias dos prazos de realización e xustificación implicará que se apliquen as sancións antes expostas elevando nun grao a que procedese.

7º. – Para os efectos da xustificación documental, con carácter xeral presentaranse os orixinais dos documentos correspondentes. Excepcionalmente admitiranse fotocopias sempre que veñan compulsadas diante de notario, por Rexistro Xeral da Deputación da Coruña, polo secretario do concello ou funcionario habilitado para o efecto cando se refiran a expedientes de entidades do seu termo municipal, ou finalmente polo Rexistro doutras Administracións públicas, nos casos nos que se presenten os documentos a través destes.

Co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 30.3 da Lei 38/2003, do 28 de novembro e no artigo 73 do regulamento de desenvolvemento da devandita lei, con carácter previo á realización da compulsa deberá estenderse unha dilixencia ou un selo sobre o orixinal da factura, de maneira que quede constancia de que ela foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

BASE 55ª. - PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

1º. - Con carácter xeral, cumpridas as esixencias de xustificación documental en prazo, contidas na base 54ª, a proposta concreta do órgano xestor, remitirase, xunto co expediente tramitado á Intervención Xeral para que emita o preceptivo informe de fiscalización, e se este é favorable procederase á tramitación do recoñecemento da obriga e á correspondente ordenación do pagamento da subvención.

Se o informe de fiscalización fose desfavorable devolverase o expediente á unidade xestora para que emende as observacións formuladas.

En caso de discrepancia co informe da Intervención Xeral procederase de acordo co establecido nos artigos 215 a 217 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

2º. - Como excepción á norma xeral do pagamento posterior á xustificación, outorgarase carácter prepagable a todas as subvencións concedidas durante o exercicio 2009 aos concellos e outras entidades locais da provincia, de maneira que se procederá ao pagamento do importe total concedido unha vez notificada a resolución de concesión, sen necesidade de achegar garantía e unha vez acreditado que o beneficiario está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3º. – Tamén, de forma excepcional e debidamente motivada, se poderá librar fondos anticipados a outros beneficiarios que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:

a) Requiririase a previa constitución de fianza, aval ou garantía abonda polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles xuros moratorios, agás as entidades exentas por Lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa entidade provincial, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social. As entidades públicas poderán substituír esta acreditación por unha declaración responsable que substituirá ás certificacións de cumprimento das obrigas tributarias, coa Administración do Estado, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma de Galicia

c) Non será posible expedir un pagamento anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade, na que finalizara o prazo de xustificación previsto sen que se achegara a xustificación documentada da aplicación total dos gastos provinciais nas condicións establecidas nas bases da convocatoria, no acordo ou no convenio correspondente.

d) En todo caso, o beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria co titulo "Fondos para atender á actividade "... ". Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

4º. - O aboamento de subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira sinalada polo beneficiario na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses dende a correcta e axeitada xustificación o cumprimento dos compromisos adquiridos polo beneficiario sen que se lle aboara o importe da subvención provincial que lle corresponda o beneficiario terá dereito ao aboamento do xuro legal do diñeiro computado dende a finalización do prazo de catro meses antes indicado ata a data do pagamento efectivo. Se a xustificación documental fose incompleta ou insuficiente o prazo de cómputo dos xuros iniciarase cando o beneficiario emendase as deficiencias detectadas ante a Administración provincial.

BASE 56ª. - PUBLICIDADE

1º. - A Deputación Provincial da Coruña publicará no Boletín Oficial da Provincia as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito presupostario a que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

Non será necesaria a publicación da concesión das subvencións nos seguintes supostos:

a) Cando as subvencións públicas teñan asignación nominativa no Presuposto xeral.

b) Cando o seu outorgamento e contía, a favor de beneficiario concreto, resulten impostos en virtude de norma de rango legal.

c) Cando a publicación dos datos do beneficiario da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e fose disposto na súa normativa reguladora.

A publicidade regulada na presente base realizarana as unidades xestoras das subvencións no primeiro e terceiro trimestre de cada exercicio con relación ás subvencións concedidas no semestre inmediato anterior. Simultaneamente, a información publicada inserirase na páxina de internet da deputación. (www.dicoruna.es)

2º. - Co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 36.4 b) do regulamento de subvencións, o presidente designará o servizo responsable de remitir os datos das subvencións concedidas á base de datos nacional de subvencións.

3º. - Cada unidade xestora de subvencións, tanto en réxime de concorrencia como nominativas, deberá levar o Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios a que se refire a Disposición adicional sexta da Lei de subvencións de Galicia e facilitar á Comunidade Autónoma a información a que se refire o apartado 3 do artigo 16 da devandita norma, nos prazos e condicións que se establezan regulamentariamente.

4º. - As bases da convocatoria recollerán a publicidade indicada nos apartados anteriores, co fin de que os solicitantes coñezan anticipadamente esta circunstancia. En todo caso deberá terse en conta a necesidade de preservar o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, así como a normativa xeral de protección de datos de carácter persoal.

BASE 57ª. - RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR

1º. - Os beneficiarios das subvencións outorgadas virán obrigados a:

a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención nos prazos sinalados nas bases da convocatoria.

b) Levar os libros e rexistros contables previstos na norma de xeral aplicación e o rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos que se indica na Base 50 2º 11) de execución do presuposto provincial

c) Someterse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención.

d) Comunicarlle á Deputación provincial a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración pública ou ente público ou privado.

e) Facilitar canta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas ou Consello de Contas, no seu caso.

f) As demais previstas na Lei xeral de subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro), no regulamento que a desenvolve (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), na Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007, do 13 de xuño), nas Bases de Execución do Presuposto provincial e nas bases de cada convocatoria.

2º. - Os beneficiarios de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador previsto na Lei xeral de subvencións, na Lei de subvencións de Galicia, na normativa reguladora do Tribunal de Contas e no ordenamento xurídico xeral.

BASE 58ª. - PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS

En caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións de carácter prepagable, ou ausencia de xustificación destas nos termos considerados nas Bases 49, 50, 54 e 55.3 das de execución do Presuposto e nas bases de convocatoria ou convenio regulador da subvención ou cando se acrediten estas circunstancias ou se poña de manifesto o incumprimento das obrigas do beneficiario durante o proceso de control financeiro posterior ao pagamento, a Deputación provincial esixiralles ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias desta o reintegro das cantidades correspondentes xunto cos xuros de mora correspondentes, de acordo co seguinte procedemento:

1º. - Iniciación de oficio deste mediante resolución do presidente, logo de informe de unidade xestora correspondente, por iniciativa desta ou a proposta da Intervención Xeral como consecuencia dos procedementos de fiscalización e control financeiro, en que se propoña a apertura do expediente de reintegro da subvención.

2º. - A notificación ás entidades ou particulares interesados da devandita resolución, coa apertura do trámite de audiencia de quince días, co fin de que efectúen as alegacións que consideren pertinentes ou procedan a emendar as deficiencias observadas, co apercibimento de que en caso de acordarse o reintegro da subvención, se esixirá o xuro de mora dende o momento do pagamento desta, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións e os artigos 91 e seguintes do regulamento que a desenvolve.

3º. - O presidente, unha vez resoltas as alegacións presentadas ou transcorrido o prazo sen que se presentasen estas polos interesados, ditará resolución acordando a procedencia ou non do reintegro e as demais actuacións que procedan.

4º. - No caso de que se acorde o reintegro da subvención, este tramitarase co fin de que se faga efectivo, nos prazos e co procedemento establecido con carácter xeral para outros ingresos de dereito público, mediante resolución do presidente.

5º. - Do procedemento de reintegro tramitado darase traslado á Intervención Provincial para a súa fiscalización previa e constancia posterior.

BASE 59ª. - CONTROL FINANCEIRO POSTERIOR DAS SUBVENCIÓNS

1º. - De conformidade co disposto no artigo 44 e seguintes da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Intervención Provincial elaborará anualmente un Plan de control financeiro das subvencións xustificadas e pagadas no ano inmediato anterior, co fin de comprobar os seguintes puntos:

a) A axeitada e correcta obtención da subvención por parte do beneficiario.

b) O cumprimento por parte do beneficiario das súas obrigas na xestión e aplicación da subvención.

c) A axeitada e correcta xustificación da subvención por parte do beneficiario.

d) A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada por beneficiarios, foron financiadas coa subvención.

e) A axeitada e correcto financiamento das actividades subvencionadas, nos termos establecidos no apartado 3 do artigo 19 da Lei 18/2003.

f) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á administración por beneficiarios e entidades colaboradoras e que puidesen afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, á axeitada e correcta obtención, utilización, goce ou xustificación da subvención, así como á realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

2º. - Unha vez aprobado o Plan polo presidente, a Intervención provincial levarao a cabo, podendo solicitar o apoio dos medios persoais e materiais que considere necesarios para o seu axeitado cumprimento.

3º. - Sen prexuízo das actuacións que se propoña en cada un dos informes que se emitan, unha vez concluído totalmente o Plan de control financeiro dun exercicio, a Intervención provincial elaborará un informe no que se resuma o resultado global das accións de control levadas a cabo e as propostas de actuacións oportunas. O presidente elevará ao Pleno as conclusións e propostas de actuación que considere conveniente.

BASE 60ª. - NORMATIVA DE APLICACIÓN ÁS SUBVENCIÓNS PROVINCIAIS

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto con carácter xeral na normativa básica estatal, na Lei de subvencións de Galicia e as súas normas de desenvolvemento, nas bases de convocatoria das subvencións non nominativas e nos acordos ou convenios a través dos cales se outorguen subvencións nominativas.

En todo caso, tomarase en consideración a normativa da Unión Europea na tramitación dos recursos que teñan a súa orixe en fondos europeos.

A Coruña, 21 de novembro de 2008

O PRESIDENTE

Salvador Fernández Moreda